

III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES



Concello de A Cañiza

(2025 – 2029)



Edita:

Concello de A Cañiza
Rúa Oriente, 11
36888 A Cañiza (Pontevedra)
Tel.: 986 65 10 10



ÍNDICE

	Páx.
1. INTRODUCCIÓN	4
2. O CONTEXTO	6
3. DIAGNOSE DE XÉNERO	9
4. PRINCIPIOS REITORES DO PLAN	51
5. METODOLOXÍA	53
6. ESTRUCTURA DO PLAN	55
7. ÁREAS DE INTERVENCIÓN	61
7.1. Área 1: Transversal de xénero	62
7.2. Área 2: Prevención e atención integral da violencia de xénero	67
7.3. Área 3: Coeducación, cultura e deporte	74
7.4. Área 4. Conciliación, corresponsabilidade e mercado laboral	81
7.5. Área 5: Participación e benestar social	88
8. AVALIACIÓN	94
9. ANEXO	96
9.1. Ficha de avaliación das actuacións	96
9.2. Marco normativo	98
9.3. Conceptos chave	101



1. INTRODUCCIÓN

Deseñar e implementar un Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres é esencial para afrontar as desigualdades de xénero que persisten en diversos ámbitos, xa que son ferramentas indispensables para garantir a igualdade e superar as barreiras que alimentan a discriminación. No municipio de A Cañiza, esta aposta pola igualdade materialízase no **III Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2025-2029)**, unha clara expresión do compromiso do Concello coa xustiza social.

Este novo plan busca consolidar a estratexia de **mainstreaming de xénero**, é dicir, integrar a perspectiva de igualdade de oportunidades en todas as políticas e accións municipais. Durante os próximos cinco anos, preténdese desenvolver un conxunto de medidas concretas e efectivas que respondan ás necesidades específicas de mulleres e homes no municipio, coa finalidade de avanzar cara a unha igualdade real e efectiva.

O proceso de creación do Plan non foi un simple exercicio administrativo. A súa elaboración baseouse na **análise da realidade social** do municipio e nunha implicación de diversos actores. As diferentes áreas municipais, os centros educativos, entre outros colectivos, xogaron un papel fundamental na definición das prioridades e medidas que conforman o Plan. Este enfoque participativo reflicte a vontade de construír unha ferramenta adaptada ás características e retos do municipio.

O III Plan tamén destaca pola súa orientación práctica. Non se limita a ser unha declaración de intencións, senón que presenta un **conxunto de accións estratéxicas** deseñadas para combater as desigualdades dende múltiples frontes. Entre as medidas máis relevantes inclúense programas de



formación e sensibilización en igualdade, iniciativas para favorecer a conciliación e corresponsabilidade, e accións específicas para previr a violencia de xénero e mellorar a atención ás vítimas. Tamén se contemplan políticas de apoio ao emprendemento feminino e á igualdade laboral, co obxectivo de promover a participación plena das mulleres no mercado de traballo.

Este plan non só pretende mellorar a vida das persoas que habitan no municipio, senón que tamén busca enviar unha mensaxe clara de igualdade a toda a sociedade. O compromiso do Concello de A Cañiza reflectido nesta iniciativa, amosa que o progreso en igualdade é un obxectivo alcanzable cando se traballa con determinación e colaboración.


En definitiva, o **III Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2025-2029)** é un paso firme cara a unha sociedade máis igualitaria, na que as desigualdades de xénero deixen de ser un obstáculo para o desenvolvemento persoal e colectivo. Coa súa posta en marcha, A Cañiza reafirma o seu compromiso coa igualdade e co benestar da súa cidadanía, consolidándose como un exemplo de progreso social e compromiso institucional.



2. O CONTEXTO

A Cañiza é un concello da provincia de Pontevedra, situado na comarca da Paradanta e estratexicamente conectado pola autovía A-52. Limita con Covelo, Melón, Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño e Mondariz. Destaca pola súa riqueza natural, con montañas, vales e o río Deva, ideal para o sendeirismo, así como pola súa tradición gastronómica, especialmente o seu famoso xamón, protagonista da Feira do Xamón. É un destino que combina paisaxe, cultura e autenticidade rural galega. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) do 2023 (Gráfica 1) o municipio presenta unha poboación total de 5090 habitantes, destacando unha leve predominancia das mulleres sobre os homes en termos de poboación. As mulleres conforman o 51 % do total, cunha cifra de 2601 habitantes, fronte ao 49 % correspondente aos homes, que suman 2489.

Gráfica 1. *Distribución da poboación de A Cañiza segundo xénero (2023)*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2023)



A pirámide de poboación do concello de A Cañiza (Gráfica 2) presenta unha base decrecente e unha cúspide crecente, o que evidencia dúas tendencias claras: a baixa natalidade e o envellecemento progresivo da poboación. Este envellecemento maniféstase de maneira máis notable na parte superior da pirámide, onde se observa un marcado desequilibrio entre homes e mulleres. En particular, nas franxas de idade de 80-84 anos e 85 anos en diante, o número de mulleres case duplica ao dos homes, resultado dunha maior esperanza de vida feminina.

Por outra banda, a base estreita da pirámide reflicte un descenso sostido da natalidade, mentres que os tramos centrais, correspondentes á poboación en idade laboral (30-59 anos), mostran certa estabilidade demográfica. Non obstante, a diminución dos nacementos e o envellecemento da poboación colocan ao municipio ante un reto económico e social futuro: a necesidade de soste-lo unha poboación maior cada vez máis numerosa con recursos humanos e económicos limitados.

En resumo, a estrutura da pirámide de A Cañiza revela unha situación demográfica fráxil, marcada polo envellecemento, a caída da natalidade e o predominio feminino nas idades máis avanzadas. Estas características presentan importantes desafíos para o equilibrio e a sustentabilidade do territorio nos próximos anos.



Gráfica 2: *Pirámide da poboación do concello de A Cañiza (2023)*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2023)



3. DIAGNOSE DE XÉNERO.

Acadar a igualdade efectiva entre homes e mulleres continúa a ser un obxectivo prioritario para as administracións públicas, malia os avances políticos, económicos e sociais logrados nas últimas décadas en materia de igualdade de xénero.

Os concellos desempeñan un papel fundamental na loita contra a discriminación de xénero. Neste contexto, os plans de igualdade constitúen unha ferramenta imprescindible para impulsar un progreso real e colectivo. A súa elaboración ten como propósito identificar, paliar e corrixir situacións de desigualdade entre mulleres e homes, co obxectivo de construír unha sociedade máis igualitaria.

O proceso de diagnose parte da análise cualitativa e cuantitativa das desigualdades de xénero, utilizando como base os datos obtidos das distintas áreas municipais e doutras fontes secundarias de información.

Na presente diagnose, realizouse unha identificación e análise das disparidades de xénero existentes, poñendo en evidencia aquelas que resultan máis significativas tanto dende unha perspectiva cuantitativa como cualitativa. Este proceso, abordado dende unha clara perspectiva de xénero, permitiu visibilizar e comprender en profundidade as diferentes dimensións da desigualdade no municipio. Os resultados proporcionan unha base para deseñar estratexias específicas que aborden estas problemáticas e promovan unha igualdade efectiva entre mulleres e homes a nivel local.



En definitiva, esta diagnose non só revela as fendas de xénero existentes, senón que tamén ofrece un instrumento fundamental para orientar políticas públicas que favorezan o empoderamento feminino, a eliminación das discriminacións e a consecución dun municipio máis igualitario.

EDUCACIÓN

Si atendemos os datos da gráfica 3, que amosa o alumnado matriculado en centros públicos segundo o sexo en Infantil, Primaria, Secundaria Obrigatoria, Ciclos formativos e Bacharelato permítenos identificar diferenzas significativas desde unha perspectiva de xénero.

En Educación Infantil, obsérvase unha lixeira predominancia masculina, con 53 nenos fronte a 41 nenas matriculadas. En Educación Primaria, a situación equilibra lixeiramente os datos, con 103 nenos fronte a 97 nenas, reflectindo unha participación case equitativa entre ambos os sexos.

A Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) mostra unha dinámica diferente, con 121 mozas e 116 mozos. Esta etapa obrigatoria revela unha leve sobrerrepresentación feminina, o que indica unha continuidade educativa similar entre sexos, aínda que cunha tendencia lixeiramente maior entre as mulleres.

Porén, a maior fenda de xénero detéctase nos Ciclos Formativos, onde a presenza masculina é claramente dominante. No Grao Básico, os homes suman 20 matriculados, mentres que as mulleres apenas chegan a 3. Esta tendencia mantense no Grao Medio, onde os homes tamén son maioría, con 36 fronte a 6 mulleres. Estas cifras reflicten unha clara segregación de xénero na formación profesional, posiblemente asociada a estereotipos




que ligan determinados sectores profesionais tradicionalmente masculinizados con esta opción educativa, limitando o acceso e a participación das mulleres.

Pola súa parte, en Bacharelato, a situación invértese, con 43 mulleres fronte a 23 homes. Esta maior presenza feminina nesta etapa post-obrigatoria amosa a continuidade educativa das mulleres, o que podería estar vinculado a maiores expectativas formativas e á súa aposta por itinerarios que conducen a estudos superiores.

En resumo, a análise evidencia varios patróns: unha lixeira predominancia masculina nas etapas iniciais, unha maior continuidade das mulleres en etapas superiores como a ESO e o Bacharelato, e unha notable segregación nos Ciclos Formativos, onde os homes continúan a dominar as matriculacións. Estes datos poñen de manifesto a necesidade de romper cos estereotipos de xénero que condicionan as eleccións educativas e profesionais.




Gráfica 3: Alumnado matriculado en centros públicos segundo o sexo en Infantil, Primaria, Secundaria Obligatoria, Ciclos formativos e Bacharelato (2024).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2024)

A análise dos datos sobre o profesorado reflicte unha feminización da profesión, con 66,67% mulleres fronte a 33,33% homes.

Gráfica 4: Profesorado en centros de titularidade pública segundo o sexo (2024)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2024)



EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

A táboa 1 reflicte o número de persoas atendidas en 2024 no departamento de Emprego e Desenvolvemento Local, desagregado por tipo de colectivo e sexo. A análise dos datos permite identificar patróns relevantes na atención a diferentes grupos sociais:

No colectivo "MULLER", destaca unha participación ampla, con 398 mulleres atendidas fronte a 344 homes, sumando un total de 742 persoas. Esta cifra amosa unha lixeira maioría feminina, o que pode indicar unha maior demanda ou necesidade de servizos específicos dirixidos a este grupo.

No caso do colectivo de "INMIGRANTES", observamos que 48 mulleres foron atendidas, fronte a 28 homes, o que supón un total de 76 persoas. Aquí tamén se evidencia unha maior presenza de mulleres, probablemente ligada a factores sociais ou económicos que as sitúan nunha posición de maior vulnerabilidade.

Para as "PERSOAS CON DISCAPACIDADE", os datos son máis equilibrados, con 15 mulleres e 17 homes atendidos, o que suma un total de 32 persoas. Esta paridade suxire unha atención similar entre ambos sexos neste colectivo.

No grupo de "MINORÍAS ÉTNICAS", o número de persoas atendidas é moi reducido, cun total de 4 persoas, das cales 3 son mulleres e 1 é home. Aínda que o número é pequeno, chama a atención a maior representación feminina neste colectivo.



En relación aos colectivos de "INFANCIA" e "PERSOAS MAIORES", os datos non están dispoñibles, o que impide realizar unha análise específica sobre estes grupos.

En resumo, a análise da táboa permite observar que as mulleres presentan unha maior representación en case todos os colectivos atendidos, especialmente nos grupos de "MULLER", "INMIGRANTES" e "MINORÍAS ÉTNICAS".

Táboa 1: N^o de persoas atendidas por tipo de colectivo e sexo (2024)

Nome da actividade	Mulleres	Homes	Total
MULLER	398	344	742
INFANCIA	-	-	-
INMIGRANTES	48	28	76
PERSOAS CON DISCAPACIDADE	15	17	32
MINORÍAS ÉTNICAS	3	1	4
PERSOAS MAIORES	-	-	-

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.

A análise dos datos de participación nos programas, cursos e actividades organizados polo Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local en 2024 (Táboa 2) amosa unha clara tendencia de predominio feminino na maioría das iniciativas, aínda que con algunhas excepcións nos cursos de carácter máis técnico ou relacionados coa intermediación laboral.

En programas especificamente deseñados para o desenvolvemento e apoio das mulleres, a participación foi exclusivamente feminina. Actividades como “Apoio a mulleres no ámbito rural (AFAOR)” e o “Programa Apoio a mulleres rurais MUR (CIP)” rexistraron unha presenza de 11 e 20 participantes, respectivamente, reflectindo a importancia destas



iniciativas para o fortalecemento do papel das mulleres no entorno rural. Do mesmo xeito, formacións como “Hixiene, atención sociosanitaria e nutrición en persoas dependentes (Cruz Vermella)”, con 15 participantes mulleres, ou o “PROGRAMA PAM (Big Formación)” e o “Programa Clara” (difusión), con 14 e 5 mulleres, subliñan o interese das mulleres por actividades orientadas ao coidado, á formación social e á mellora das súas oportunidades laborais.

Por outra banda, os cursos técnicos contaron cunha participación masculina máis destacada. No caso do curso de “Carretilla elevadora (Apetamcor)”, 14 homes fronte a 6 mulleres demostran unha clara preferencia masculina por formacións de carácter máis especializado e ligado á industria ou á loxística. A “Intermediación laboral con empresas” tamén reflicte unha tendencia similar, con 31 homes participantes fronte a 10 mulleres, amosando unha presenza masculina maioritaria na procura activa de oportunidades laborais.

En programas con participación mixta, obsérvanse algúns equilibrios notables, como no caso de “Soy Emprendedor Galicia”, cunha asistencia de 4 mulleres e 2 homes, ou o curso de “Carné de manipulador de alimentos (FEMUPO)”, que contou con 10 mulleres e 2 homes. O “Programa para inmigrantes Xuntat-I” tamén rexistrou unha importante participación feminina, con 21 mulleres fronte a 8 homes, revelando unha maior demanda por parte das mulleres migrantes neste tipo de iniciativas.

Non obstante, nalgunhas actividades máis técnicas ou de difusión, como “Formación ASIME” ou “Formación IES Cañiza”, a presenza foi exclusivamente masculina, con 3 e 4 participantes homes, respectivamente. Este dato evidencia unha tendencia de escasa



participación feminina en programas vinculados a sectores industriais ou tecnolóxicos, que podería abordarse a través de políticas de fomento da igualdade nestes ámbitos.

Táboa 2: Nº de persoas participantes nos programas/cursos/actividades organizados polo Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local por sexo (2024)

Nome da actividade	Mulleres	Homes	Total
Charla procedemento ARA	12		12
Charla Competencias Clave	7		7
APOIO PIE APETAMCOR		1	1
Intermediación laboral con empresas	10	31	41
Apoio a mulleres no ámbito rural (AFAOR)	11		11
Soy Emprendedor Galicia	4	2	6
Programa para inmigrantes Xuntat-I	21	8	29
Curso Carretilla elevadora (Apetamcor)	6	14	20
Carné Manipulador de alimentos (2) (FEMUPO)	10	2	12
Curso de Hixiene, atención sociosanitaria e nutrición en persoas dependentes (Cruz Vermella	15		15
PROGRAMA PAM (Big Formación)	14		14
Programa Apoio a mulleres rurais MUR (CIP)	20		20
Experto en Transformación dixital (difusión)	5		5
Formación ASIME (difusión)		3	3
Formación IES Cañiza (difusión)		4	4
Obradoiro Capacitación inserción laboral, Programa Clara (difusión)	5		5
Xuventude Mentoring Empresa (difusión)	2	1	3

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.




A análise da Gráfica 5 sobre o paro rexistrado entre xaneiro e outubro de 2024, desagregado por sexo e grandes grupos de idade, revela diferenzas significativas entre homes e mulleres, especialmente no grupo de maior idade.

Entre os menores de 25 anos, o desemprego presenta unha distribución relativamente equilibrada. As mulleres, con 50,98%, superan lixeiramente os homes, que representan o 49,02%. Este dato suxire unha situación de paridade relativa na xuventude, aínda que a maior incidencia de desemprego nas mulleres novas evidencia a súa maior vulnerabilidade á hora de acceder ao mercado laboral. A diferenza, aínda que pequena, reflicte posibles dificultades estruturais, como o acceso a empregos de calidade ou a persistencia de desigualdades.

No grupo de 25 e máis anos, a fenda de xénero no desemprego faise moito máis evidente. As mulleres representan o 51,85% do paro rexistrado, mentres que os homes supoñen o 44,42%. Esta cifra pon de manifesto unha realidade preocupante: as mulleres adultas seguen a ser as máis afectadas polo desemprego. Factores como a falta de conciliación da vida laboral e familiar, a maior presenza feminina en sectores con empregos precarios ou temporais e a persistencia de barreiras estruturais contribúen a esta desigualdade.



Gráfica 5: Paro rexistrado segundo sexo e grandes grupos de idade (xaneiro a outubro de 2024).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2024).

A análise do paro rexistrado segundo sexo e sector económico entre xaneiro e outubro de 2024 (Gráfica 6) revela importantes diferenzas de xénero na distribución do desemprego. As mulleres presentan unha maior incidencia nos sectores de servizos e entre as persoas sen emprego anterior, mentres que os homes concentran o desemprego nos sectores de industria e, especialmente, na construción.

No sector servizos, as mulleres representan un 60,62% do paro rexistrado, fronte ao 39,38% dos homes, o que reflicte a súa maior presenza neste ámbito, aínda marcado pola precariedade e a temporalidade. De forma similar, entre as persoas sen emprego anterior, as mulleres alcanzan o 58,97%, evidenciando as maiores dificultades que enfrontan á hora de acceder por primeira vez ao mercado laboral.


Pola contra, no sector da construción, os homes dominan de maneira clara, cun 94,25% fronte ao 5,75% das mulleres, reflectindo a



masculinización extrema deste ámbito. No caso da industria, a tendencia tamén é masculina, con 56,43% de homes e 43,57% de mulleres, mentres que en agricultura e pesca o desemprego presenta unha distribución máis equilibrada, aínda que con lixeira maioría feminina (54,55%).

En conclusión, a gráfica 6 amosa que as mulleres continúan sendo as máis afectadas polo paro en sectores como os servizos e na busca do seu primeiro emprego, mentres que os homes lideran o desemprego en sectores tradicionalmente masculinizados, como a construción e a industria.

Gráfica 6: Paro rexistrado segundo sexo e sector económico (xaneiro a outubro de 2024).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2024).


A análise dos datos sobre os contratos iniciais segundo sexo e duración do contrato entre xaneiro e outubro de 2024 (Gráfica 7) revela unha desvantaxe clara para as mulleres no acceso a contratos estables. Os homes teñen unha maior proporción de contratos indefinidos, cun 56,50%,



fronte ao 43,50% das mulleres, o que reflicte unha maior estabilidade laboral masculina.

Pola contra, no caso dos contratos temporais, as diferenzas son menores, cunha distribución máis equilibrada: os homes representan o 53,09% e as mulleres o 46,91%. A pesar deste equilibrio, a maior precariedade no acceso a contratos indefinidos evidencia unha vulnerabilidade laboral persistente para as mulleres, relacionada con barreiras estruturais e sectoriais.

Gráfica 7: Contratos iniciais segundo sexo e duración do contrato (xaneiro a outubro de 2024).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE (2024).



No Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local unha das principais dificultades que se atopan para introducir a igualdade é a masculinización de certos sectores laborais, o que limita as oportunidades das mulleres para acceder a empregos tradicionalmente ocupados por homes. Ademais, a responsabilidade desproporcionada nos coidados de menores e persoas dependentes actúa como unha barreira significativa. Moitas mulleres vense obrigadas a adaptar os seus horarios laborais ou formativos ás demandas dos coidados, o que lles resta competitividade e oportunidades de inserción no mercado laboral. A isto súmanse as limitacións de mobilidade xeográfica, especialmente para aquelas que non dispoñen de carné de conducir nin vehículo propio e dependen dun transporte público insuficiente ou pouco accesible. Esta combinación de factores conduce a situacións de baixa autoestima e estancamento, xa que a falta de oportunidades reais afecta o desenvolvemento persoal e profesional destas mulleres, perpetuando así o ciclo de exclusión.

Como solucións, propónse a creación dun servizo tipo "Canguros", que facilite a conciliación, permitindo ás mulleres dispoñer de tempo para formarse ou traballar. Este tipo de servizos resultan clave para aliviar as cargas de coidado que tradicionalmente recaen sobre elas. Tamén se menciona a necesidade de implementar formación específica para a obtención do carné de conducir, ofrecendo así ferramentas que melloren a súa autonomía e mobilidade xeográfica, factores fundamentais para acceder ao emprego. Outra medida destacada é a realización de obradoiros de emprego e formación en cooperativas, permitindo ás mulleres desenvolver competencias que lles faciliten crear os seus propios proxectos de emprendemento. A isto engádese a proposta de talleres prelaborais orientados a fortalecer a autoestima, as habilidades sociais e



o apoio psicolóxico, elementos esenciais para mellorar a súa confianza e empregabilidade.

Ademais, considérase fundamental que se apoie a inserción laboral das mulleres con limitacións horarias ou xeográficas, mediante medidas que se adapten ás súas circunstancias específicas. Esta acción supón un paso crucial para eliminar as barreiras estruturais que impiden a súa participación plena no mercado laboral.

En conclusión, as dificultades expostas reflicten a persistencia de desigualdades de xénero profundamente enraizadas, como a falta de corresponsabilidade nos coidados, a masculinización de sectores profesionais e as limitacións de mobilidade. As propostas presentadas —servizos de conciliación, formación específica, apoio emocional e programas de emprendemento— son ferramentas indispensables para romper estas barreiras e avanzar cara a unha igualdade efectiva no ámbito laboral.




PARTICIPACIÓN POLÍTICA

A gráfica 8 representa a composición da Corporación Municipal do concello, formada por un total de 13 concelleiros/as. No grupo do PSOE, obsérvase unha lixeira maioría masculina, con 4 homes fronte a 3 mulleres. Pola súa parte, no PP, a representación é perfectamente equilibrada, con 3 mulleres e 3 homes.

En conxunto, a análise da Corporación Municipal reflicte un panorama positivo en termos de paridade de xénero, evidenciando avances significativos cara a unha representación equilibrada entre homes e mulleres.

Gráfica 8: Distribución segundo sexo da Corporación Municipal (2023-2027)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.




BIBLIOTECA

A análise dos datos da Biblioteca Municipal da Cañiza mostra unha maior participación feminina (Gráfica 9), representando as mulleres o 58% das persoas asociadas fronte ao 42% dos homes. Esta diferenza pode estar ligada a roles tradicionais que asocian ás mulleres coa cultura e a educación, así como ao seu interese pola formación continua e o acceso á información.

A menor participación masculina sinala a necesidade de fomentar accións inclusivas que equilibren o uso dos servizos da biblioteca. Neste sentido, a biblioteca ten o potencial de converterse nun espazo clave para a promoción da igualdade de xénero, impulsando actividades que rompan estereotipos e fomenten a participación equitativa de mulleres e homes.

Gráfica 9: N° de persoas socias na biblioteca de A Cañiza por sexo (2024)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.



PARTICIPACIÓN SOCIAL

As mulleres teñen unha presenza maioritaria na maior parte das asociacións culturais do municipio. En moitos casos, como na Asociación de Mulleres Rurais da Cañiza "Axóuxere" e na Asociación Cultural de Mulleres "Amuruva" de Valeixe, a participación é exclusivamente feminina, con 50 socias e 140 socias respectivamente. Isto reflicte o papel activo das mulleres na dinamización cultural e social da comunidade, especialmente en espazos creados especificamente para elas.

Tamén destacan outras entidades onde a participación feminina supera á masculina, como na Coral Polifónica da Cañiza (29 mulleres fronte a 13 homes) ou na Asociación Cultural Santa Cristina de Valeixe (20 mulleres fronte a 10 homes). Estes datos indican que as mulleres non só forman parte de iniciativas específicas de xénero, senón que tamén participan activamente noutros espazos culturais mixtos.

Táboa 3: N° de persoas socias das asociacións municipais por sexo (2024)

Nome da asociación	Nº Socias	Nº Socios	Sexo da persoas que preside
ASOC. DE MULLERES RURAIS DA CAÑIZA "AXÓUXERE"	50	0	MULLER
ASOC. CULTURAL DE MULLERES "AMURUVA" DE VALEIXE	140	0	MULLER
ASOC. CULTURAL AS.CUL.CA	14	16	HOME
ASOC. CULTURAL "FURAFOLLAS DE OROSO"	8	7	MULLER
ASOC. CULTURAL SANTA CRISTINA DE VALEIXE	20	10	MULLER
CORAL POLIFÓNICA DA CAÑIZA	29	13	MULLER
ASOC. DE VECIÑOS SAN BARTOLOMÉ DO COUTO	74	66	MULLER

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.



SERVIZOS SOCIAIS

A análise dos datos sobre o número de persoas atendidas por colectivo e sexo en 2024 (Táboa 4) no departamento de Servizos Sociais revela diferencias claras na distribución por sexo, dependendo do grupo atendido.

As mulleres destacan en colectivos como familia (367 mulleres fronte a 269 homes) e persoas maiores (401 mulleres fronte a 234 homes), o que reflicte a súa maior presenza nestes ámbitos, vinculada tanto á esperanza de vida máis elevada como á súa maior demanda de servizos de apoio. No colectivo específico de mulleres, a diferenza é aínda máis evidente, con 81 mulleres atendidas fronte a só 3 homes, evidenciando unha atención enfocada nas necesidades e vulnerabilidades deste grupo.

Pola contra, os homes predominan en colectivos como drogodependencias (18 fronte a 4 mulleres) e persoas con discapacidade (128 fronte a 113 mulleres), o que suxire unha maior incidencia ou demanda de apoio en cuestións relacionadas coa saúde ou adiccións. Por outra banda, os colectivos de infancia (45 mulleres e 28 homes) e inmigrantes (29 mulleres e 28 homes) presentan unha distribución máis equilibrada entre sexos.



Táboa 4: N° de persoas atendidas por tipo de colectivo e sexo (2024)

Colectivo	Mulleres	Homes	Total
FAMILIA	367	269	636
MULLER	81	3	84
INFANCIA	45	28	73
DROGODEPENDENCIAS	4	18	22
INMIGRANTES	29	28	57
PERSOAS DISCAPACITADAS	113	128	241
MINORÍAS ÉTNICAS	1		1
PERSOAS MAIORES	401	234	635

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.

A análise dos datos sobre as consultas atendidas en 2024 (Táboa 5) amosa unha maior presenza feminina na demanda de servizos, especialmente nas áreas relacionadas con necesidades económicas e información sobre prestacións. As mulleres representan a maioría nas consultas por falta de medios para cubrir necesidades (349 mulleres fronte a 263 homes) e nas relacionadas con prestacións (170 mulleres fronte a 125 homes). Isto evidencia a súa maior vulnerabilidade socioeconómica e a tendencia a buscar apoio neste tipo de servizos.

No caso das consultas sobre servizos específicos para a muller, a participación feminina tamén é superior (12 mulleres fronte a 6 homes), subliñando a importancia de recursos orientados a atender as necesidades deste colectivo.

En conclusión, os datos reflicten unha maior demanda de servizos por parte das mulleres, especialmente en ámbitos relacionados coa cobertura de necesidades básicas e o acceso a prestacións.



Táboa 5: Nº de persoas atendidas por tipo de consulta e sexo (2024)

Tipo de consulta	Mulleres	Homes	Total
NECESIDADE RELACIONADA COA FALTA DE MEDIOS PARA A COBERTURA DE NECESIDADES	349	263	612
INFORMACIÓN SOBRE PRESTACIÓNS	170	125	295
INFORMACIÓN SOBRE OS SERVIZOS DE DEPENDENCIA	-	-	-
INFORMACIÓN SERVIZOS PARA A MULLER	12	6	18

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.

A análise das axudas por sexo en 2024 (táboa 6)reflicte unha distribución equilibrada entre homes e mulleres, aínda que con pequenas diferenzas dependendo do tipo de apoio.

Nas axudas da RISGA (Renda de Inclusión Social), as mulleres representan unha lixeira maioría, con 13 beneficiarias fronte a 10 homes, o que reflicte a súa maior vulnerabilidade en situacións de exclusión social. Pola contra, na libranza por coidados no entorno, os homes superan levemente ás mulleres (16 fronte a 14), indicando unha crecente participación masculina nos coidados familiares.

As axudas AIS (Inclusión Social) presentan unha situación moi equilibrada, con 62 mulleres e 65 homes, mentres que na libranza para adquisición de servizo, as mulleres predominan cunha pequena vantaxe (16 fronte a 12 homes).



En resumo, os datos mostran un acceso case igualitario ás axudas, aínda que con tendencias específicas que reflicten as diferentes realidades sociais e laborais de homes e mulleres, especialmente nos ámbitos de exclusión e coidados.

Táboa 6: N° de persoas beneficiarias de axudas por sexo (2024)

Tipo de axuda	Mulleres	Homes	Total
RISGA	13	10	23
AIS	62	65	127
LIBRANZA POR COIDADOS NO ENTORNO	14	16	30
LIBRANZA PARA ADQUISICIÓN DE SERVIZO	16	12	28

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.

A análise das prestacións económicas por sexo en 2024 (Táboa 7) amosa diferenzas notables segundo o tipo de axuda. As mulleres predominan nas axudas económicas periódicas, con 132 beneficiarias fronte a 88 homes, o que reflicte unha maior dependencia de prestacións continuadas debido a situacións de vulnerabilidade. Pola contra, os homes superan ás mulleres nas axudas de pago único (102 fronte a 92) e nas axudas en especie vinculadas a situacións de necesidade (42 fronte a 29), o que indica unha maior demanda masculina de recursos puntuais.

No caso das pensións, a distribución é practicamente equilibrada, con 31 mulleres e 28 homes, mostrando unha situación de paridade.



En resumo, os datos revelan que as mulleres dependen máis de prestacións continuadas, mentres que os homes solicitan con maior frecuencia axudas puntuais ou recursos en especie.

Táboa 7: N° de persoas beneficiarias de prestacións económicas por sexo
(2024)

Tipo de prestación económica	Mulleres	Homes	Total
AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO UNICO	92	102	194
AXUDAS ECONÓMICAS PÚBLICAS PERIODICAS	132	88	220
PENSIÓNS	31	28	59
OUTRAS AXUDAS EN ESPECIE VINCULADAS A SITUACIÓNS DE NECESIDADE	29	42	71


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Concello.



ANÁLISE E RESULTADO DOS CUESTIONARIOS A CIDADANÍA

A análise dos cuestionarios dirixidos a recoller a opinión da cidadanía sobre a situación da igualdade no municipio proporciona información valiosa sobre as percepcións sociais e os retos vixentes. O cuestionario foi respondido por 40 persoas, das cales o 87,50% eran mulleres (35 participantes), fronte ao 12,50% de homes que tamén participaron (5 respostas).

Gráfica 10: N° de persoas que participaron no cuestionario por sexo.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

O grupo de idade das mulleres menores de 47 anos está composto por 13 participantes, mentres que os homes deste mesmo rango de idade suman un único participante. No tramo de idade de 48 anos ou máis, a participación feminina ascende a 22 mulleres, fronte a 4 homes que integran esta categoría.



En termos globais, obsérvase unha clara predominancia feminina nas respostas ao cuestionario, xa que as mulleres representan aproximadamente o 87,50% da mostra total. Pola contra, os homes apenas constitúen o 12,50% das respostas, evidenciando unha participación masculina significativamente inferior na mostra.

Gráfica 11: Franxa de idade por sexo.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

A análise dos datos reflicte que un 67,50% das persoas enquisadas considera que non hai igualdade entre homes e mulleres no concello de A Cañiza. Pola contra, un 12,50% opina que si existe igualdade, mentres que o 20% restante declara non saber ou prefire non responder.

Destaca que a percepción da falta de igualdade está maioritariamente asociada ás mulleres, un feito que se relaciona coa elevada participación feminina na enquisa, xa que representan o 87,50% da mostra total.



Gráfica 12: Considera que existe igualdade entre homes e mulleres no Concello de A Cañiza?.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

Na gráfica 13 evidénciase que a maioría das persoas enquisadas manifestaron descoñecer o II Plan de Igualdade do concello de A Cañiza, acumulando un total de 33 respostas nesta categoría, das cales 28 corresponden a mulleres. No caso dos homes, o descoñecemento é absoluto, xa que os cinco participantes masculinos indicaron non ter coñecemento do plan.


En contraste, só 6 mulleres afirmaron estar informadas sobre o plan, representando unha minoría en comparación co elevado número que o descoñece. Ademais, unha muller declarou non saber ou preferiu non responder, mentres que ningún dos homes figurou nesta última categoría.

Estes datos subliñan un baixo nivel de coñecemento xeral sobre o II Plan de Igualdade, especialmente notable entre a poboación masculina, e



reflicten a necesidade de mellorar a difusión e visibilidade desta iniciativa no conxunto da cidadanía.

Gráfica 13: Coñece o II Plan de Igualdade do Concello de A Cañiza?.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.


A gráfica 14 reflicte que a gran maioría das persoas enquisadas, un total de 33 participantes, declararon non ter asistido nos últimos anos a ningunha actividade (curso, xornada, reunión...) relacionada coa promoción da igualdade organizada polo concello de A Cañiza. Destas, 28 eran mulleres e os 5 homes enquisados tamén indicaron non ter participado.

Por outra banda, só un número reducido de mulleres, concretamente 7, afirmou ter participado nalgunha destas iniciativas, mentres que ningún home asistiu a este tipo de actividades. Este resultado evidencia unha escasa participación xeral nestas accións e destaca a necesidade de



reforzar as estratexias de sensibilización e implicación cidadá, especialmente entre os homes.

Gráfica 14: Participou nos últimos anos nalgunha actividade (curso, xornada, reunión...) que promovera a igualdade organizada polo concello de A Cañiza?.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

A análise da pregunta sobre se as persoas enquisadas se sentiron algunha vez discriminadas (gráfica 15) revela que un 60% das persoas participantes recoñecen ter experimentado discriminación ao longo da súa vida. Dentro deste grupo, afirman terse sentido discriminadas 21 mulleres e 3 homes. Este dato destaca que máis da metade das persoas participantes percibiron situacións discriminatorias, sendo as mulleres as que manifestan unha maior incidencia destas experiencias.


Pola contra, un 20% das persoas indicaron non ter sufrido discriminación ou non ser conscientes de tela padecido. Este segmento inclúe tanto aquelas



persoas que non identifican desigualdades nas súas vivencias como outras que, posiblemente, non recoñecen situacións discriminatorias debido á súa normalización ou falta de visibilidade.

Ademais, destaca que outro 20% das respostas corresponde á opción "non sabe/non contesta", un dato que pode ser interpretado como reflexo dunha certa incerteza ou dificultade para identificar e expresar experiencias de discriminación. Este elevado nivel de indecisión suxire a complexidade do tema, así como a diversidade de percepcións e interpretacións entre as persoas enquisadas.

Gráfica 15: *Sentiu algunha vez discriminación?*.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.


As persoas que participaron no cuestionario, ao indicar que experimentaran discriminación, tiñan a opción de seleccionar os ámbitos específicos onde percibiron estas situacións, podendo marcar máis dunha opción entre as categorías propostas. As opcións incluían os seguintes contextos: traballo, rúa, familia, educación, deportes e unha categoría de "non sabe/non contesta".



A gráfica 16 reflicte os ámbitos nos que se detectou un maior nivel de discriminación segundo as respostas das persoas enquisadas. Os espazos máis destacados son o traballo, sinalado por 15 persoas, e a rúa, mencionada por 10 participantes, como os principais escenarios de discriminación. En terceiro lugar, sitúase o ámbito familiar, onde 8 persoas declararon sentirse discriminadas. A continuación, aparecen os contextos de educación e deportes, cada un con 9 casos rexistrados, seguidos por unha única mención ao ámbito da nacionalidade.

Estes resultados permiten identificar os principais espazos onde as persoas enquisadas perciben un maior impacto da discriminación. Ademais, proporcionan unha visión clara das áreas da vida cotiá onde se producen estas experiencias, subliñando que, no caso analizado, estas vivencias afectan especialmente ás mulleres, tal e como reflicte o perfil maioritario da mostra en cuestión.

Gráfica 16: En caso de sentir discriminación, en que ámbitos?.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.



As principais preocupacións das persoas enquisadas sobre o concello (gráfica 17) inclúen unha ampla variedade de temas, entre os que destacan: a falta de traballo, a falta de formación, a escaseza de recursos económicos, a igualdade entre mulleres e homes, a colaboración nas tarefas do fogar, a carencia de vivenda adecuada, a violencia de xénero, a inseguridade, a falta de transporte e a ausencia de conexión a Internet nas zonas rurais.


Entre estas inquietudes, a falta de traballo sobresaí como a máis salientable para a cidadanía. Analizando os datos por sexo, destaca que 30 mulleres identificaron o desemprego como a súa principal preocupación. Outras cuestións relevantes para as mulleres inclúen a falta de formación (15 respostas), a escaseza de recursos económicos (11 respostas), a igualdade de xénero (8 respostas), a falta de colaboración nas tarefas do fogar (tamén 8 respostas), a carencia de vivenda (6 respostas), a violencia de xénero (6 respostas), a falta de seguridade (3 respostas) e, en menor medida, a ausencia de transporte público e a falta de conexión a Internet en zonas rurais, con 1 resposta cada unha.

En canto aos homes, as súas preocupacións principais tamén se centran na falta de traballo (2 respostas) e na falta de formación (2 respostas). Outras inquietudes mencionadas polos homes inclúen a escaseza de recursos económicos (1 resposta), a colaboración nas tarefas do fogar (1 resposta) e a inseguridade (1 resposta).

Estes datos permiten identificar que, a pesar de compartir algunhas preocupacións comúns, como o desemprego, as prioridades varían segundo o sexo, reflexo das diferentes vivencias e necesidades no municipio.



Gráfica 17: Cal é o principal problema co que se atopan as veciñas e veciños de A Cañiza?



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

En relación á distribución das tarefas do fogar no núcleo familiar, as persoas enquisadas indicaron que estas son realizadas por ambos membros da parella (muller e home) de forma igualitaria, exclusivamente pola muller ou por unha muller contratada para este propósito (gráfica 18).


Un total de 23 persoas afirmaron que as tarefas domésticas son compartidas de maneira igualitaria entre home e muller, das cales 18 son mulleres e 5 son homes. Por outra banda, 17 mulleres declararon que estas responsabilidades recaen exclusivamente sobre elas. Ademais, 2 mulleres



indicaron que teñen contratada unha persoa para realizar as tarefas domésticas, especificando en ambos casos que se trata dunha muller.

É especialmente relevante que ningunha das persoas enquisadas sinalou que as tarefas do fogar sexan realizadas exclusivamente por un home ou que a persoa contratada para estas tarefas fose home. Este feito evidencia unha persistencia na distribución tradicional dos roles de xénero no ámbito doméstico, onde as mulleres, xa sexan integrantes da unidade familiar ou traballadoras contratadas, asumen a maior parte das responsabilidades relacionadas co fogar.

Gráfica 18: Quen se encarga das tarefas da casa na súa familia?.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

En relación á presenza de persoas dependentes no fogar, xa sexan menores, persoas maiores ou persoas con algunha enfermidade, a gráfica



19 reflicte que o 60% das persoas enquisadas declararon non convivir con persoas dependentes, mentres que o 40% restante afirmou si convivir con elas. Este dato proporciona unha visión xeral sobre a distribución de responsabilidades asociadas ao coidado no ámbito doméstico dentro da mostra analizada.

Gráfica 19: Hai na casa persoas dependentes (nenos/as, persoas maiores, persoas enfermas?).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

No caso de convivir con persoas dependentes no fogar, as persoas enquisadas foron convidadas a indicar quen se encargaba do seu coidado (gráfica 20), con posibilidade de seleccionar máis dunha opción no cuestionario.


Entre as respostas, 16 persoas declararon non saber ou preferiron non contestar a esta cuestión. Pola súa parte, 14 persoas sinalaron que a muller é quen asume principalmente os coidados, mentres que 9 persoas



indicaron que o coidado é compartido de maneira igualitaria entre muller e home. Ademais, 1 persoa mencionou contar cunha muller contratada para realizar os coidados, e outra persoa indicou ter contratado a un home para esta tarefa.

É significativo que en ningunha das respostas se mencione o home como coidador principal, o que pon de manifesto unha persistente distribución tradicional dos roles de xénero no ámbito dos coidados. As mulleres seguen asumindo maioritariamente estas responsabilidades.

Gráfica 20: *Quen se encarga de coidar ás persoas dependentes da súa casa?.*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.

Na pregunta sobre as tarefas realizadas ao longo do día, as persoas enquisadas tiñan a opción de seleccionar máis dunha actividade entre as




propostas. As 40 persoas participantes na análise sinalaron tarefas como: limpar a casa, facer a compra, cociñar, traballar fóra do fogar, coidar doutras persoas, practicar deporte e pasear.

Segundo se reflicte na gráfica 22, as mulleres asumen un maior número de tarefas ao longo do día. Entre as actividades máis destacadas no seu caso están: limpar a casa, facer a compra, cociñar e traballar fóra do fogar. En contraste, no caso dos homes, as tarefas que realizan con maior frecuencia inclúen: cociñar, facer a compra e traballar fóra da casa.

Estes datos evidencian unha maior carga de traballo global para as mulleres, que combinan tarefas domésticas co emprego remunerado, subliñando a persistencia de desigualdades na distribución das responsabilidades diarias.

Gráfica 22: Cales das seguintes tarefas realiza ao longo do día?.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.



A última pregunta do cuestionario invitaba ás persoas enquisadas a reflexionar sobre as accións que consideraban máis necesarias para avanzar cara a unha maior igualdade entre homes e mulleres. Ofrecíase a posibilidade de seleccionar varias opcións, permitindo así recoller unha ampla diversidade de opinións.

Os resultados amosan unha clara prioridade por traballar a igualdade nos centros educativos, acción que contou co apoio de 30 persoas, das cales 26 eran mulleres e 4 homes. Este dato subliña a relevancia de introducir valores igualitarios desde idades temperás como ferramenta fundamental para construír unha sociedade máis comprometida coa igualdade.

Outra medida destacada foi a mellora dos servizos para atender ás persoas maiores, seleccionada por 21 persoas, con 17 mulleres e 4 homes mostrando preocupación por reforzar o apoio a este colectivo vulnerábel. Estas dúas opcións lideraron as preferencias das persoas enquisadas, reflectindo unha aposta decidida pola educación e polos coidados.

Tamén sobresaíu o recoñecemento á labor das mulleres no concello, sinalado por 15 persoas, das cales 14 foron mulleres, e o incremento de recursos para previr a violencia de xénero, unha prioridade para 14 persoas participantes, entre eles 12 mulleres e 2 homes. Estas respostas indican unha demanda clara de visibilizar o papel das mulleres e de reforzar a protección contra a violencia de xénero.


Outras medidas con menor apoio, pero non menos significativas, inclúen a promoción do asociacionismo feminino, apoiada por 12 persoas (11 mulleres e 1 home), a mellora da seguridade no municipio, que preocupou



a 7 participantes (5 mulleres e 2 homes), e a oferta de cursos de tarefas domésticas para homes, sinalada por 7 mulleres como unha acción clave para fomentar a corresponsabilidade no ámbito do fogar.

Estas respostas amosan a diversidade de prioridades entre a cidadanía, pero coinciden en sinalar a educación, o recoñecemento social, a seguridade e a prevención da violencia como eixes centrais para avanzar cara a unha igualdade efectiva no municipio.

Gráfica 23: Cales das seguintes accións considera que son necesarias para acadar unha maior igualdade entre mulleres e homes?.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do cuestionario.



O análise dos datos obtidos a través dos cuestionarios permite extraer certas conclusións sobre a situación da igualdade de xénero no concello de A Cañiza, destacando percepcións, retos e prioridades identificadas pola cidadanía:

Predominancia feminina na participación

A maioría das respostas proveñen de mulleres (87,50%), o que suxire un maior interese ou implicación neste tema por parte delas. En contraste, a participación dos homes foi significativamente inferior (12,50%). Ademais, a franxa de idade con maior representación foi a de 48 anos en diante, tanto entre homes como mulleres.

Percepción de desigualdade de xénero

Un 67,50% das persoas enquisadas considera que non existe igualdade entre homes e mulleres no concello. Este dato reflicte unha percepción significativa de desigualdade, especialmente notable entre as mulleres, que representan a maioría na mostra e aportan unha perspectiva baseada nas súas experiencias e realidades específicas.

Baixo nivel de coñecemento sobre o II Plan de Igualdade

Un 82,50% das persoas enquisadas descoñece o II Plan de Igualdade, incluíndo a totalidade dos homes participantes. Este feito revela unha necesidade prioritaria de mellorar a difusión e visibilidade deste tipo de iniciativas entre a cidadanía.

Escasa participación en actividades de igualdade

A maioría das persoas enquisadas (82,50%) non participou en actividades relacionadas coa promoción da igualdade organizadas polo Concello, sendo a participación dos homes nula. Este resultado subliña a



importancia de reforzar as estratexias de implicación cidadá, especialmente para involucrar aos homes.

Experiencias de discriminación

Un 60% das persoas participantes indicaron ter experimentado discriminación, sendo as mulleres as principais afectadas (21 casos fronte a 3 homes). Os principais ámbitos onde se percibe discriminación inclúen o traballo, a rúa e o fogar, reflectindo a persistencia de desigualdades en áreas fundamentais da vida.

Distribución desigual de tarefas domésticas e coidados

As mulleres asumen maioritariamente as responsabilidades no fogar e nos coidados, tanto como integrantes da unidade familiar como traballadoras contratadas. Só un 23% das persoas enquisadas indicaron que as tarefas domésticas se comparten de forma igualitaria.

Sobrecarga de tarefas para as mulleres

As mulleres destacan por realizar un maior número de tarefas diarias, combinando as responsabilidades laborais coas domésticas. Isto pon de manifesto unha carga de traballo global superior para elas en comparación cos homes.

Principais preocupacións da cidadanía

A falta de traballo e a necesidade de mellorar os servizos de atención a persoas maiores lideran as prioridades identificadas. Outras cuestións salientables inclúen a igualdade de xénero, a prevención da violencia de xénero e o recoñecemento do papel das mulleres no concello.



Propostas prioritarias para a igualdade

Entre as accións consideradas máis necesarias para acadar a igualdade destacan traballar a igualdade nos centros educativos (esencial para o 75% das persoas enquisadas), mellorar os servizos para persoas maiores e investir máis recursos na prevención da violencia de xénero.

Para concluír, os resultados da análise destacan a necesidade de fortalecer a educación en igualdade como base para unha sociedade máis xusta, promover a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e nos coidados e mellorar a comunicación sobre as políticas de igualdade existentes para que cheguen a toda a cidadanía. Ademais, Impulsar unha maior implicación dos homes como actores clave no avance cara a unha igualdade efectiva.

CONCLUSIÓN DA DIAGNOSE DE XÉNERO

A partir da análise da información recollida da cidadanía, do persoal técnico e das estatísticas dispoñibles, conclúese que, malia os avances logrados en materia de igualdade, o Concello continúa a enfrontarse a desafíos importantes para acadar unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. O diagnóstico de xénero destaca os seguintes:

Desigualdades estruturais persistentes: As mulleres enfrontan maiores barreiras no mercado laboral, con menor acceso a contratos indefinidos e sectores masculinizados, o que afecta á súa estabilidade económica e autonomía persoal.



Sobrecarga de tarefas domésticas e coidados: As mulleres asumen a maior parte destas responsabilidades, o que limita a súa dispoñibilidade para o emprego e perpetúa estereotipos de xénero.

Vulnerabilidade socioeconómica feminina: As mulleres dependen máis de axudas periódicas e servizos básicos, reflectindo unha maior precariedade económica.

Segregación de xénero en educación e emprego: As mulleres predominan en sectores de coidados, mentres os homes lideran os ciclos formativos técnicos e empregos industriais, perpetuando desigualdades laborais.

Escasa implicación masculina: A baixa participación dos homes en actividades de igualdade destaca a necesidade de involucralos como axentes activos no cambio.

Experiencias de discriminación: Unha alta porcentaxe de mulleres perciben desigualdades vivenciais, especialmente no traballo, a rúa e o fogar.

Descoñecemento das políticas de igualdade: O II Plan de Igualdade é amplamente descoñecido, limitando a súa eficacia e implicación cidadá.

Prioridades para a igualdade: Inclúen traballar a igualdade na educación, reforzar os servizos para persoas maiores, previr a violencia de xénero e visibilizar o papel das mulleres.



Sobrecarga diaria das mulleres: A combinación de emprego e responsabilidades domésticas reduce o tempo das mulleres para o lecer e o desenvolvemento persoal.

Desigualdade no acceso a oportunidades: As mulleres teñen menos acceso a emprego de calidade e mobilidade profesional, perpetuando ciclos de desigualdade e precariedade.

Para avanzar cara á igualdade é esencial promover a corresponsabilidade no fogar, fomentando unha repartición equitativa das tarefas domésticas e dos coidados. Ademais, débense crear incentivos para o acceso das mulleres a sectores técnicos e industriais, reducindo a segregación laboral. É urxente visibilizar as políticas de igualdade, reforzando a súa difusión para involucrar á cidadanía. Para facilitar a conciliación, propóñense servizos como garderías e apoio a persoas dependentes, aliviando as cargas que recaen sobre as mulleres. Finalmente, é clave involucrar aos homes como axentes activos, promovendo un cambio cultural e social que favoreza unha igualdade efectiva.



4. PRINCIPIOS REITORES DO PLAN

Para posta en marcha deste plan, é fundamental que o Concello asuma un compromiso firme e decidido, garantindo os recursos e esforzos necesarios para a súa execución. Así mesmo, resulta esencial que todo o persoal municipal, independentemente da súa responsabilidade ou función, participe activamente no desenvolvemento, seguimento e avaliación do plan, en coherencia co establecido pola Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

Compromiso

Un compromiso firme coa igualdade efectiva entre mulleres e homes, recoñecendo este dereito como unha garantía constitucional e priorizando a súa promoción e defensa en todas as actuacións do Concello.

Principio de Igualdade

A incorporación do principio de igualdade de trato e oportunidades en todas as políticas económicas, laborais, sociais, culturais e artísticas. Isto inclúe evitar a segregación laboral, eliminar as diferenzas retributivas e fomentar o liderado e o crecemento do empresariado feminino. Ademais, implica visibilizar e valorar o traballo das mulleres, incluído o doméstico e de coidados, como parte esencial da sociedade.

Transversalidade

A igualdade de trato e oportunidades debe ser un principio transversal que guíe todas as actuacións das administracións públicas. Isto implica integrar este principio na elaboración, execución e orzamentación de todas as políticas públicas e actividades municipais. A responsabilidade de



promover a igualdade recae sobre todas as áreas de goberno, garantindo unha acción conxunta e coordinada.

Conciliación

A implementación de medidas que aseguren unha conciliación efectiva entre a vida laboral, persoal e familiar, tanto para mulleres como para homes. Isto debe ir acompañado do fomento da corresponsabilidade nos traballos domésticos e na atención ás persoas dependentes, promovendo un equilibrio real no reparto de responsabilidades.



5. METODOLOXÍA

A elaboración do III Plan de Igualdade do Concello de A Cañiza seguiu un proceso marcado pola colaboración activa do persoal técnico das distintas áreas municipais, sendo especialmente relevante o papel desempeñado polo equipo de servizos sociais e apoio as familias, que liderou a coordinación e asegurou a implicación dos departamentos implicados. Este esforzo colectivo foi esencial para garantir unha perspectiva ampla e unha planificación adaptada ás necesidades reais do municipio.

A primeira fase centrouse nunha análise da normativa en materia de igualdade, desde o nivel internacional ata o autonómico, co propósito de identificar os marcos de referencia clave e os fundamentos legais necesarios para o deseño do novo Plan. Paralelamente, realizouse unha avaliación das experiencias derivadas da implementación do II Plan de Igualdade, recompilando achegas do persoal municipal. Este proceso permitiu identificar tanto os logros acadados como as áreas que precisan melloras, resultados que quedaron recollidos no Informe de Avaliación do II Plan de Igualdade do Concello de A Cañiza.

As conclusións extraídas deste informe serviron como punto de partida para orientar as accións futuras e incorporar recomendacións concretas, facilitando unha planificación máis estruturada e eficaz para o novo Plan. Nun segundo momento, realizouse unha enquisa á cidadanía, unha ferramenta indispensable para captar a percepción social sobre o estado actual da igualdade e identificar necesidades específicas. Esta consulta permitiu recompilar información desagregada por sexo e recoller propostas de acción consideradas prioritarias pola veciñanza. O



cuestionario tamén deu voz ás experiencias da poboación en ámbitos como a formación, as problemáticas sociais e as dinámicas familiares, o que proporcionou un mapa claro das desigualdades existentes.

Con toda esta información, elaborouse unha diagnose sobre a situación da igualdade no concello, que serviu como fundamento para estruturar as áreas prioritarias de traballo e deseñar medidas específicas para promover o cambio. Esta diagnose tamén revelou os retos pendentes e as oportunidades para fomentar unha maior igualdade de xénero.

Para concluír, elaborouse un resumo do proceso de elaboración do III Plan de Igualdade do Concello, co obxectivo de divulgar e compartir, cos diferentes axentes implicados na promoción da igualdade, as principais conclusións extraídas da diagnose de xénero.



6. ESTRUCTURA DO PLAN

O III Plan de Igualdade do Concello, deseñado a partir das conclusións obtidas na diagnose de xénero, estrutúrase en cinco áreas estratéxicas de intervención. Este enfoque busca dar continuidade ás directrices marcadas polo segundo Plan de Igualdade, mantendo unha estrutura similar en determinadas áreas, o que permite consolidar os avances logrados ata o momento e afrontar os novos retos con eficacia e coherencia.

Áreas de Actuación do III Plan de Igualdade.

Área 1: **Transversalidade de Xénero.**

Inclúe medidas para garantir que o principio de igualdade de xénero se integre de forma transversal en todas as políticas públicas e actuacións do Concello. Preténdese que esta perspectiva guíe o deseño, execución e avaliación de todas as iniciativas municipais, reforzando a coordinación interdepartamental e o compromiso institucional.

Área 2: **Prevención e Atención Integral da Violencia de Xénero.**

Céntrase na loita contra a violencia de xénero a través da prevención, detección precoz e atención integral ás vítimas. Inclúe accións como a mellora dos recursos de atención psicolóxica, asesoramento legal e apoio á reintegración social e laboral das mulleres afectadas.

Área 3: **Coeducación, Cultura e Deporte.**

Busca fomentar unha educación baseada na igualdade e a erradicación dos estereotipos de xénero desde idades temperás. Así mesmo, promove actividades culturais e deportivas inclusivas, garantindo o acceso igualitario e visibilizando o papel das mulleres nestes ámbitos.



Área 4: **Conciliación, Corresponsabilidade e Mercado Laboral.**

Esta área está orientada a facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, fomentando a corresponsabilidade nos coidados e as tarefas domésticas. Ademais, busca reducir as desigualdades no mercado laboral mediante accións que promovan o acceso das mulleres a postos de traballo en condicións de igualdade.


Área 5: **Participación e Benestar Social.**

Enfócase en promover a participación activa das mulleres na vida política, económica, social e cultural do municipio. Inclúe medidas para fortalecer o tecido asociativo, fomentar o empoderamento feminino e garantir o benestar social en todas as etapas da vida.

Cada área de intervención no III Plan de Igualdade estrutúrase arredor dun obxectivo xeral que guía o propósito fundamental da área, complementado por obxectivos específicos que detallan as metas concretas a alcanzar. Ademais, cada área inclúe un conxunto de medidas ou accións específicas deseñadas para facer efectivos os obxectivos propostos. Estas accións están acompañadas dunha planificación detallada que inclúe as entidades responsables da súa implementación, a temporalidade prevista e indicadores de avaliación que permitan medir e valorar os resultados obtidos ao longo da súa execución.



Figura 1: Estrutura do III Plan de Igualdade



Área 1: Transversalidade de Xénero.

Obxectivo Xeral

Incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas, accións e actividades desenvolvidas dende o Concello, garantindo que o principio de igualdade sexa un eixo central no deseño, implementación e avaliación das actuacións municipais.

Obxectivos Específico 1.1.:

Desenvolver e implementar o Plan de Igualdade coa implicación activa dos axentes locais, do persoal municipal e da cidadanía.



Obxectivos Específico 1.2.:

Institucionalizar a perspectiva de xénero en todas as áreas de traballo para asegurar a integración efectiva do principio de igualdade nos procedementos e actuacións do Concello.

Obxectivos Específico 1.3.:

Fomentar unha linguaxe e comunicación que reflictan a igualdade de xénero, evitando calquera tipo de discriminación ou estereotipo sexista.

Área 2: Prevención e Atención Integral da Violencia de Xénero.

Obxectivo Xeral

Erradicar a violencia de xénero mediante accións de prevención, sensibilización e atención integral ás vítimas, garantido unha coordinación eficaz entre os axentes locais.

Obxectivos Específico 2.1.:

Promover accións que sensibilicen á cidadanía na loita contra a violencia de xénero, fomentando o rexeitamento social cara a calquera forma de violencia.

Obxectivos Específico 2.2.:

Mellorar a formación das persoas implicadas na atención e prevención da violencia de xénero, fortalecendo a coordinación interinstitucional mediante o desenvolvemento e implementación de protocolos de actuación conxunta que aseguren unha intervención eficaz e coherente.

Obxectivos Específico 2.3.:

Dar a coñecer os recursos dispoñibles para as mulleres que sofren violencias de xénero, ao tempo que se melloran as condicións de vida e as oportunidades de integración social e laboral destas mulleres.



Área 3: Coeducación, Cultura e Deporte.

Obxectivo Xeral

Promover a inclusión de valores igualitarios nos ámbitos educativo, cultural e deportivo, fomentando a eliminación de estereotipos de xénero e a participación equitativa.

Obxectivos Específicos 3.1.:

Impulsar un cambio de actitudes e a ruptura de estereotipos de xénero a través da promoción da educación en igualdade nos centros de ensino, nas actividades de educación de persoas adultas e na mocidade.

Obxectivos Específicos 3.2.:

Dar protagonismo ás achegas das mulleres nas diversas manifestacións culturais e artísticas, garantindo a súa presenza nos programas culturais.

Obxectivos Específicos 3.3.:

Fomentar a participación e a visibilización das mulleres nas actividades deportivas municipais, asegurando un acceso equitativo e a promoción de referentes femininos no deporte.

Área 4: Conciliación, Corresponsabilidade e Mercado Laboral

Obxectivo Xeral

Facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, promovendo a corresponsabilidade no fogar e reducindo as desigualdades de xénero no ámbito laboral.

Obxectivo Específico 4.1.:

Mellorar a formación das mulleres en competencias profesionais para facilitar a súa inserción laboral e aumentar as súas oportunidades de emprego.



Obxectivo Específico 4.2.:

Promover medidas que impulsen a autonomía económica das mulleres, especialmente aquelas en situacións de vulnerabilidade ou risco de exclusión.

Obxectivo Específico 4.3.:

Desenvolver e ampliar recursos e servizos que faciliten a conciliación da vida persoal e laboral, asegurando o acceso igualitario a ambos os sexos.

Área 5: **Participación e Benestar Social.**

Obxectivo Xeral

Incrementar a presenza e participación activa das mulleres na vida social, política, cultural e económica do municipio, promovendo o seu benestar e empoderamento.

Obxectivo Específico 5.1.:

Impulsar o liderazgo das mulleres nos órganos de decisión e participación, como o movemento asociativo e outros espazos maioritariamente ocupados por homes.

Obxectivo Específico 5.2.:

Potenciar o traballo con entidades sociais, especialmente con asociacións de mulleres, para concienciar e promover a igualdade de xénero.

Obxectivo Específico 5.3.:

Garantir o acceso das mulleres a recursos e servizos que contribúan ao seu benestar físico, emocional e social en todas as etapas da vida.



7. ÁREAS DE ACTUACIÓN

Como resultado da diagnose de xénero e do informe de avaliación do II Plan de Igualdade, definiuse un total de 51 medidas concretas de actuación para a elaboración do III Plan de Igualdade (2025-2029). Estas medidas, incluíndo algunhas que non se executaron no anterior Plan, buscan dar resposta aos desafíos identificados, reforzando o compromiso co avance cara a unha igualdade efectiva.

Establecer estas áreas prioritarias como puntos estratéxicos implica asumir unha visión transformadora, dirixida a enfrontar as desigualdades existentes cun enfoque integral e sostible. A través da implementación destas medidas, preténdese non só corrixir as desigualdades evidentes, senón tamén promover unha contorna inclusiva e equitativa onde todas as persoas, independentemente do seu xénero, poidan participar plenamente e en igualdade de condicións.

O alcance destas accións vai máis aló da resolución de inxustizas presentes; aspírase a impulsar un cambio cultural profundo que modifique as dinámicas sociais e institucionais que perpetúan as desigualdades de xénero. Así, o III Plan de Igualdade transcenderá a súa función como marco normativo, converténdose nunha ferramenta clave para construír un municipio máis xuto e igualitario.



7.1. Área 1: TRANSVERSAL DE XÉNERO.

Esta área constitúe a base fundamental do III Plan de Igualdade, pois busca integrar de maneira efectiva a perspectiva de xénero en todas as políticas e actuacións municipais. Este enfoque transversal garante que a igualdade de xénero se converta nun principio fundamental no deseño, implementación e avaliación das políticas públicas, promovendo un cambio estrutural que abarque todos os niveis da administración local.

OBXECTIVO XERAL - área 1

Incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas, accións e actividades desenvolvidas dende o Concello, garantindo que o principio de igualdade sexa un eixo central no deseño, implementación e

Esta área céntrase non só na planificación e execución do Plan de Igualdade, senón tamén na consolidación de prácticas institucionais que garantan a igualdade de trato e oportunidades en todos os ámbitos. Ademais, fomenta unha comunicación inclusiva e respectuosa coa igualdade, asegurando que as mensaxes e accións do Concello reflectan este compromiso.



Obxectivos Específico 1.1.:

Desenvolver e implementar o Plan de Igualdade coa implicación activa dos axentes locais, do persoal municipal e da cidadanía.

ACTUACIÓN 1.1.

Definir e asignar os recursos orzamentarios necesarios para a implementación efectiva do Plan, asegurando a disposición de recursos humanos, materiais e financeiros axeitados para desenvolver cada unha das actuacións planificadas.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Porcentaxe do orzamento municipal asignado ao Plan. - Número de actuacións financiadas sobre o total planificado. - Recursos humanos e materiais asignados. - Porcentaxe de execución do orzamento asignado.

ACTUACIÓN 1.2.

Realizar unha campaña ampla e eficaz de difusión do III Plan de Igualdade, garantindo que a información chegue a toda a cidadanía a través de diversos medios e formatos.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025
Indicadores de avaliación	- Número de presentacións realizadas. - Número de canles utilizadas para a difusión. - Porcentaxe da poboación alcanzada pola campaña. - Número de materiais de difusión elaborados e distribuídos. - Nivel de satisfacción da cidadanía sobre a campaña.



Obxectivo Específico 1.2.:

Institucionalizar a perspectiva de xénero en todas as áreas de traballo para asegurar a integración efectiva do principio de igualdade nos procedementos e actuacións do Concello.

ACTUACIÓN 1.3.

Levar a cabo unha avaliación continua do III Plan de Igualdade de forma que se poidan introducir cambios e melloras que faciliten acadar os obxectivos e as medidas propostas no período de vixencia.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de avaliacións realizadas durante o período de vixencia do Plan. - Porcentaxe de medidas revisadas e melloradas tras as avaliacións. - Nivel de cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan. - Número de propostas de mellora implementadas tras as avaliacións.

ACTUACIÓN 1.4.

Facer chegar ao persoal técnico e político información detallada sobre a oferta formativa dispoñible en igualdade de xénero, avaliando ademais a viabilidade de organizar cursos internos de capacitación e sensibilización que reforcen o compromiso coa igualdade dentro da institución.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de comunicacións enviadas sobre a oferta formativa en igualdade de xénero. - Número de persoal técnico e político que accedeu ás formacións recomendadas. - Número de cursos internos de capacitación e sensibilización organizados. - Nivel de satisfacción do persoal participante nas formacións realizadas.



ACTUACIÓN 1.5.

Establecer encontros de colaboración cos Concellos limítrofes co obxectivo de coordinar e desenvolver actividades conxuntas enfocadas na promoción da igualdade de xénero e na prevención da violencia de xénero.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de encontros realizados cos Concellos limítrofes. - Número de actividades conxuntas organizadas en colaboración cos Concellos limítrofes. - Porcentaxe de Concellos limítrofes implicados nas colaboracións. - Impacto das actividades en termos de participación e sensibilización cidadá.

ACTUACIÓN 1.6.

Continuar coa organización de actos institucionais ou actividades específicas tanto polo 8M como polo 25N mediante os que se visibilicen as desigualdades existentes e se rexeite a violencia de xénero.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actos institucionais ou actividades organizadas polo 8M e 25N. - Porcentaxe de participación cidadá nos actos realizados. - Número de materiais ou campañas divulgativas elaboradas para cada evento. - Nivel de satisfacción da cidadanía medido a través de enquisas tras os actos.



Obxectivo Específico 1.3.:

Fomentar unha linguaxe e comunicación que reflictan a igualdade de xénero, evitando calquera tipo de discriminación ou estereotipo sexista.

ACTUACIÓN 1.7.

Adoptar unha linguaxe inclusiva e non sexista en todos os documentos e comunicacións emitidos polo Concello, asegurando a integración da perspectiva de xénero na xestión municipal e promovendo a igualdade a través da comunicación institucional.

Axente/s intervinente/s	- Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Porcentaxe de documentos e comunicacións revisados para garantir unha linguaxe inclusiva e non sexista. - Número de formacións realizadas para o persoal municipal sobre linguaxe inclusiva. - Número de materiais e guías de estilo elaborados para fomentar o uso de linguaxe inclusiva. - Porcentaxe de departamentos municipais que aplican regularmente a linguaxe inclusiva nas súas comunicacións.



7.2. Área 2: PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Esta área representa un dos eixes prioritarios do III Plan de Igualdade, centrada na erradicación da violencia contra as mulleres mediante un enfoque integral, e artículase en torno á prevención, sensibilización e atención ás vítimas, establecendo unha coordinación eficaz entre todos os axentes implicados para garantir unha resposta adecuada e coherente.

OBXECTIVO XERAL – área 2

***E**rradicar a violencia de xénero mediante accións de prevención, sensibilización e atención integral ás vítimas, garantido unha coordinación eficaz entre os axentes locais.*

A través dos seus obxectivos específicos, esta área busca mobilizar a cidadanía contra a violencia de xénero, promovendo un cambio de actitudes e fomentando o rexeitamento social cara a calquera tipo de violencia. Ademais, destaca a importancia de fortalecer a formación e a colaboración interinstitucional para ofrecer unha atención integral, eficaz e coordinada. Finalmente, dáse un especial énfase a facer visibles e accesibles os recursos dispoñibles para as mulleres vítimas de violencia, mellorando as súas condicións de vida e favorecendo a súa integración social e laboral.

Obxectivos Específico 2.1.:

Promover accións que sensibilicen á cidadanía na loita contra a violencia de xénero, fomentando o rexeitamento social a calquera forma de violencia.



ACTUACIÓN 2.1.

Organizar un curso de autodefensa persoal e autoprotección dirixido á poboación feminina, co fin de contribuír ó seu empoderamento, así como aportarlles máis ferramentas e mecanismos de protección en casos de agresións.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2026 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de mulleres participantes no curso de autodefensa persoal. - Porcentaxe de persoas asistentes que consideran útiles as ferramentas e habilidades adquiridas, segundo unha enquisa de satisfacción. - Número de sesións realizadas do curso. - Nivel de demanda rexistrado para futuras edicións do curso.

ACTUACIÓN 2.2.

Deseñar campañas específicas contra o acoso sexual e os micromachismos en todos os ámbitos.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2027 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de campañas específicas contra o acoso sexual e os micromachismos realizadas. - Porcentaxe de poboación alcanzada polas campañas mediante diferentes canles de difusión. - Número de materiais divulgativos elaborados (cartelería, vídeos, folletos, etc.). - Nivel de sensibilización cidadá medido a través de enquisas posteriores á campaña.

ACTUACIÓN 2.3.

Continuar coa programación e o deseño de actividades en torno ó 25 de Novembro buscando a colaboración dos centros educativos, das asociacións, do centro de saúde, etc.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Centros educativos - Asociacións - Centro de saúde
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades organizadas en torno ao 25 de Novembro. - Número de centros educativos, asociacións e entidades colaboradoras nas actividades. - Porcentaxe de participación nas actividades programadas.



	- Número de materiais e campañas divulgativas realizadas en colaboración coas entidades participantes.
--	--

ACTUACIÓN 2.4.

Organizar obradoiros dirixidos ao alumnado e ás Asociacións de Familias do Alumnado sobre prevención da violencia de xénero, ciberacoso e seguridade nas redes sociais, proporcionando ferramentas prácticas para identificar, afrontar e previr estas problemáticas, fomentando unha cultura de respecto e igualdade.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Educación - Centros educativos - AFA, ANPA
Temporalidade	2026 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de obradoiros realizados sobre prevención da violencia de xénero, ciberacoso e seguridade nas redes sociais. - Número de alumnado e membros das Asociacións de Familias do Alumnado participantes nos obradoiros. - Porcentaxe de asistentes que consideran útiles as ferramentas adquiridas, segundo enquisas de satisfacción. - Número de materiais educativos distribuídos durante os obradoiros.



Obxectivos Específico 2.2.:

Mellorar a formación das persoas implicadas na atención e prevención da violencia de xénero, fortalecendo a coordinación interinstitucional mediante o desenvolvemento e implementación de protocolos de actuación conxunta que aseguren unha intervención eficaz e coherente.

ACTUACIÓN 2.5.

Dispor dun servizo concreto ou dunha persoa especializada para atender e xestionar de forma específica e integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas polo servizo especializado. - Tempo medio de resposta ás solicitudes de atención. - Número de casos xestionados integralmente (legal, psicolóxico, social). - Nivel de satisfacción das usuarias co servizo prestado, medido a través de enquisas.

ACTUACIÓN 2.6.

Realizar e poñer en marcha un Protocolo Municipal de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e no que se implique a tódolos axentes sociais.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Policía Local - Centros de ensino - Centro de saúde - Asociacións
Temporalidade	2026 – 2027
Indicadores de avaliación	- Número de axentes sociais e institucións implicados na elaboración e implementación do protocolo. - Número de formacións ou encontros realizados para presentar e aplicar o protocolo. - Porcentaxe de casos de violencia de xénero xestionados seguindo o protocolo. - Nivel de satisfacción dos axentes implicados co funcionamento e eficacia do protocolo, medido mediante enquisas ou reunións de avaliación.



ACTUACIÓN 2.7.

Organizar e ofrecer formación e información sobre os malos tratos a todo o persoal e axentes sociais que poidan estar implicados na atención ás vítimas.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Policía Local - Educación - Centros de ensino - Centro de saúde - Asociacións
Temporalidade	2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de sesións formativas organizadas sobre malos tratos. - Número de persoas participantes, incluíndo persoal e axentes sociais, nas formacións realizadas. - Porcentaxe de asistentes que melloraron o seu nivel de coñecemento segundo avaliacións postformación. - Número de materiais informativos distribuídos durante as formacións.

ACTUACIÓN 2.8.

Deseñar e implementar unha estratexia de coordinación efectiva entre as áreas de Igualdade, Benestar Social e Emprego para desenvolver accións específicas orientadas á formación e integración laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero. Esta colaboración buscará optimizar recursos, ofrecer programas formativos adaptados ás necesidades destas mulleres e facilitar o seu acceso a oportunidades laborais dignas, promovendo a súa autonomía económica e inclusión social.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego e Desenvolvemento Local
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de accións específicas de formación e integración laboral desenvolvidas para mulleres vítimas de violencia de xénero. - Número de mulleres participantes nos programas formativos e de inserción laboral. - Porcentaxe de mulleres que acceden a oportunidades laborais tras participar nas accións implementadas. - Número de reunións de coordinación realizadas entre as áreas de Igualdade, Benestar Social e Emprego.



Obxectivos Específico 2.3.:

Dar a coñecer os recursos dispoñibles para as mulleres que sofren violencias de xénero, ao tempo que se melloran as condicións de vida e as oportunidades de integración social e laboral destas mulleres.

ACTUACIÓN 2.9.

Prestar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero a través de diversas iniciativas e actividades que reforcen a súa autoestima e a súa integración.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de mulleres atendidas a través das iniciativas e actividades integradas. - Número de actividades organizadas para reforzar a autoestima e promover a integración. - Porcentaxe de mulleres que manifestan unha mellora na súa autoestima e benestar tras participar, segundo enquisas de satisfacción. - Número de mulleres que acceden a programas de integración social ou laboral tras a atención recibida.

ACTUACIÓN 2.10.

Realizar unha campaña contra o acoso sexual e os micromachismos nos eidos laborais, educativos, nas festas locais ou celebracións, etc.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego e Desenvolvemento Local - Educación - Centros de ensino - Cultura
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de campañas realizadas contra o acoso sexual e os micromachismos nos diferentes ámbitos. - Porcentaxe de poboación alcanzada pola campaña, medido a través das canles de difusión empregadas. - Número de materiais divulgativos distribuídos en cada ámbito (laboral, educativo, festivo, etc.). - Nivel de sensibilización cidadá medido mediante enquisas ou avaliacións postcampaña.



ACTUACIÓN 2.11.

Posicionar na páxina web e nas redes sociais municipais un espazo fixo no que se recolla información sobre a violencia de xénero.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Persoal
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de visitas ao espazo web dedicado á información sobre violencia de xénero. - Porcentaxe de interaccións (likes, comentarios, comparticións) nas publicacións relacionadas en redes sociais. - Número de actualizacións realizadas no espazo fixo con información relevante. - Nivel de satisfacción da cidadanía co contido, medido a través de enquisas ou comentarios recibidos.



7.3. Área 3: COEDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE.

Busca integrar a igualdade de xénero nos espazos educativos, culturais e deportivos como ferramentas fundamentais para promover unha sociedade máis equitativa e sen estereotipos de xénero. Esta área destaca pola súa capacidade para influír nos valores, actitudes e comportamentos desde idades temperás, consolidando cambios estruturais e culturais a longo prazo.

OBXECTIVO XERAL – área 3

Promover a inclusión de valores igualitarios nos ámbitos educativo, cultural e deportivo, fomentando a eliminación de estereotipos de xénero e a participación equitativa.

O enfoque desta área abarca a promoción da educación en igualdade nos centros educativos, a valorización do papel das mulleres nas manifestacións culturais e artísticas, e a creación de espazos deportivos inclusivos e equitativos. Estes obxectivos específicos están deseñados para impulsar o cambio de percepcións tradicionais sobre o xénero, garantindo que tanto homes como mulleres teñan acceso igualitario e oportunidades para destacar nestes ámbitos.



Obxectivos Específicos 3.1.:

Impulsar un cambio de actitudes e a ruptura de estereotipos de xénero a través da promoción da educación en igualdade nos centros de ensino, nas actividades de educación de persoas adultas e na mocidade.

ACTUACIÓN 3.1.

Dar continuidade e manter actualización de contidos as diferentes seccións do apartado web "O Recuncho da Igualdade da Cañiza".

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Educación
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actualizacións realizadas nas seccións do apartado web "O Recuncho da Igualdade da Cañiza". - Porcentaxe de incremento nas visitas ao apartado web tras as actualizacións. - Número de novos contidos incorporados anualmente. - Nivel de satisfacción das persoas usuarias do apartado web, medido mediante enquisas ou comentarios.

ACTUACIÓN 3.2.

Reforzar o proxecto "Violeta" con novas actividades educativas adaptadas a diferentes idades.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Educación - Centros educativos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de novas actividades educativas incorporadas ao proxecto "Violeta". - Número de persoas participantes nas actividades organizadas, desagregado por tramos de idade. - Porcentaxe de satisfacción dos asistentes nas actividades realizadas. - Número de centros educativos ou entidades colaboradoras implicados no proxecto.



ACTUACIÓN 3.3.

Colaborar co persoal responsable dos campamentos que se organizan nas tempadas vacacionais para deseñar e desenvolver actividades dinámicas e participativas, nas que se reforcen os valores igualitarios e a prevención da violencia.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Educación
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades dinámicas e participativas con enfoque igualitario realizadas nos campamentos. - Número de persoas participantes nas actividades, desagregado por idade e xénero. - Porcentaxe de satisfacción do persoal e das persoas participantes coas actividades realizadas. - Número de sesións de formación ou encontros realizados co persoal responsable dos campamentos.

ACTUACIÓN 3.4.

Levar a cabo, entre o persoal do Concello e da Escola Infantil Municipal, unha pequena campaña (preferiblemente en torno ás datas do Nadal) na que se aborde a importancia de regalar xogos e xoguetes que non fomenten o seu uso sexista ou bélico.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de accións realizadas dentro da campaña (charlas, materiais divulgativos, etc.). - Número de persoal do Concello e da Escola Infantil Municipal implicado na campaña. - Número de materiais informativos distribuídos sobre xoguetes non sexistas ou bélicos. - Porcentaxe de satisfacción do persoal participante coa campaña, medido mediante enquisas.



ACTUACIÓN 3.5.

Realizar algunha actividade específica na que se aborde o tema das diversidades de xénero e a orientación sexual, co fin de previr a homofobia, lesbofobia e transfobia nos centros educativos de A Cañiza.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Educación - Centros educativos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades realizadas nos centros educativos sobre diversidades de xénero e orientación sexual. - Número de alumnado e profesorado participante nas actividades. - Porcentaxe de persoas asistentes que amosan unha mellora na comprensión das diversidades, segundo avaliacións post-actividade. - Número de materiais divulgativos ou educativos distribuídos durante as actividades.

Obxectivos Específicos 3.2.:

Dar protagonismo ás achegas das mulleres nas diversas manifestacións culturais e artísticas, garantindo a súa presenza nos programas culturais.

ACTUACIÓN 3.6.

Implementar iniciativas culturais e artísticas que rompan cos estereotipos de xénero.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Cultura
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de iniciativas culturais e artísticas organizadas con enfoque na ruptura de estereotipos de xénero. - Número de persoas participantes e asistentes ás actividades realizadas. - Porcentaxe de valoración positiva das iniciativas por parte das persoas asistentes, medido a través de enquisas. - Número de artistas ou entidades culturais implicados nas iniciativas.



ACTUACIÓN 3.7.

Fomentar unha participación equitativa de mulleres e homes nas xornadas, exposicións, festivais e demais eventos culturais organizados no municipio, garantindo a visibilización e o recoñecemento do talento e as contribucións de ambos os xéneros, e promovendo unha cultura inclusiva e igualitaria.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Cultura
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Porcentaxe de mulleres e homes participantes como protagonistas nas xornadas, exposicións, festivais e eventos culturais. - Número total de eventos culturais que incorporan criterios de paridade na súa programación. - Número de accións realizadas para visibilizar as contribucións das mulleres nos eventos culturais. - Nivel de satisfacción das persoas participantes e asistentes cos esforzos de equidade, medido mediante enquisas.

ACTUACIÓN 3.8.

Proseguir coa organización do ciclo de cine infantil e xuvenil centrado na igualdade, reforzando o seu enfoque educativo e sensibilizador para promover valores igualitarios entre as novas xeracións.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Cultura
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de sesións de cine infantil e xuvenil organizadas centradas na igualdade. - Número de persoas asistentes ás proxeccións, desagregado por idade e sexo. - Porcentaxe de valoración positiva do enfoque educativo e sensibilizador do ciclo, medido mediante enquisas. - Número de materiais complementarios elaborados para reforzar os valores igualitarios promovidos no ciclo.



ACTUACIÓN 3.9.

Seguir fomentando a implicación activa da Biblioteca Municipal na promoción da igualdade e na prevención da violencia de xénero, a través da selección de libros e outros materiais temáticos, así como na organización de actividades de dinamización da lectura que integren estes valores como eixo principal.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Biblioteca Municipal
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de libros e materiais temáticos sobre igualdade e prevención da violencia de xénero incorporados ao catálogo da Biblioteca Municipal. - Número de actividades de dinamización da lectura organizadas coa temática de igualdade e prevención da violencia. - Porcentaxe de persoas asistentes ás actividades realizadas, desagregado por idade e sexo. - Nivel de satisfacción dos participantes nas actividades, medido mediante enquisas ou avaliacións.

Obxectivos Específicos 3.3.:

Fomentar a participación e a visibilización das mulleres nas actividades deportivas municipais, asegurando un acceso equitativo e a promoción de referentes femininos no deporte.

ACTUACIÓN 3.10.

Deseñar e levar a cabo campañas de sensibilización dirixidas á mocidade para promover a elección de deportes libres de estereotipos de xénero, complementadas con accións formativas específicas para familias e persoal técnico dos equipos deportivos, co obxectivo de romper cos roles tradicionais e fomentar a igualdade no ámbito deportivo.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Deportes
Temporalidade	2026 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de campañas de sensibilización dirixidas á mocidade realizadas sobre deportes libres de estereotipos de xénero. - Número de sesións formativas específicas para familias e persoal técnico dos equipos deportivos. - Número de persoas participantes nas campañas e accións formativas, desagregado por idade, sexo e rol (mocidade, familias, persoal técnico). - Porcentaxe de valoración positiva das actividades realizadas, medido mediante enquisas post-evento.



ACTUACIÓN 3.11.

Realizar campañas de promoción da práctica deportiva entre mulleres de todas as idades como hábito de vida saudable e alternativa de ocio.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Deportes
Temporalidade	2027 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de campañas realizadas para promover a práctica deportiva entre mulleres. - Número de mulleres de diferentes grupos de idade participantes nas actividades relacionadas coas campañas. - Porcentaxe de incremento na participación feminina en actividades deportivas tras as campañas. - Nivel de satisfacción das mulleres participantes, medido mediante enquisas post-campaña.

ACTUACIÓN 3.12.

Favorecer a práctica de deportes tradicionalmente masculinizados e feminizados por ambos sexos.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Deportes
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades ou eventos deportivos organizados para promover a participación de ambos sexos en deportes tradicionalmente masculinizados e feminizados. - Número de persoas participantes en deportes non tradicionais desagregado por sexo. - Porcentaxe de incremento na participación de ambos sexos en deportes non tradicionais tras a implementación das accións. - Nivel de satisfacción dos participantes coas actividades realizadas, medido mediante enquisas.



7.4. Área 4: **CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E MERCADO LABORAL.**

Esta área aborda dous retos fundamentais para acadar a igualdade de xénero: a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e a eliminación das desigualdades no ámbito laboral. Esta área reconece que a falta de corresponsabilidade no fogar e as dificultades de acceso ao mercado laboral son barreiras clave que afectan especialmente ás mulleres, limitando a súa autonomía económica e o seu desenvolvemento profesional.

OBXECTIVO XERAL – área 4

***F**acilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, promovendo a corresponsabilidade no fogar e reducindo as desigualdades de xénero no ámbito laboral.*

Os obxectivos desta área céntranse en mellorar a formación e as oportunidades de emprego para as mulleres, promovendo a súa inserción no mercado laboral en condicións de igualdade. Ademais, busca impulsar medidas que favorezan a corresponsabilidade nas tarefas de coidado e no fogar, e ampliar os recursos dispoñibles para facilitar a conciliación, garantindo que tanto homes como mulleres poidan compatibilizar as súas responsabilidades laborais e persoais.

Obxectivo Específico 4.1.:

Mellorar a formación das mulleres en competencias profesionais para facilitar a súa inserción laboral e aumentar as súas oportunidades de emprego.



ACTUACIÓN 4.1.

Levar a cabo a realización de obradoiros centrados na promoción do autoemprego e o emprendemento como vías para a inserción laboral.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego e Desenvolvemento Local
Temporalidade	2026 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de obradoiros realizados sobre autoemprego e emprendemento. - Número de persoas participantes nos obradoiros, desagregado por sexo. - Porcentaxe de persoas participantes que elaboraron proxectos de autoemprego ou emprendemento tras os obradoiros. - Nivel de satisfacción das persoas asistentes, medido mediante enquisas post-obradoiro.

ACTUACIÓN 4.2.

Impartir obradoiros de formación en habilidades de liderado e empoderamento destinados a mulleres, co obxectivo de fortalecer as súas competencias e promover a súa presenza en cargos de responsabilidade e sectores onde a representación feminina é tradicionalmente baixa.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego e Desenvolvemento Local
Temporalidade	2027 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de obradoiros de liderado e empoderamento organizados. - Número de mulleres participantes nos obradoiros. - Porcentaxe de persoas participantes que aplicaron as habilidades adquiridas en cargos de responsabilidade ou sectores tradicionalmente masculinizados. - Nivel de satisfacción das asistentes, medido mediante enquisas post-obradoiro.



Obxectivo Específico 4.2.:

Promover medidas que impulsen a autonomía económica das mulleres, especialmente aquelas en situacións de vulnerabilidade ou risco de exclusión.

ACTUACIÓN 4.3.

Promover o acceso das mulleres, especialmente en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión, ás novas tecnoloxías, ofrecendo formación e recursos específicos que lles permitan mellorar as súas competencias dixitais, ampliar as súas oportunidades de formación e incrementar a súa inserción e progreso no ámbito laboral.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - - Emprego e Desenvolvemento Local
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de sesións formativas realizadas sobre competencias dixitais para mulleres. - Número de mulleres participantes, desagregado por situación de vulnerabilidade. - Porcentaxe de participantes que melloraron as súas competencias dixitais segundo avaliacións post-formación. - Número de mulleres que accederon a oportunidades laborais ou formativas grazas á formación recibida.

ACTUACIÓN 4.4.

Organizar obradoiros de orientación laboral e formación en técnicas de busca activa de emprego, destinados a facilitar a inserción laboral e a mellora das condicións de traballo, proporcionando ferramentas prácticas e asesoramento personalizado.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego e Desenvolvemento Local
Temporalidade	2026 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de obradoiros de orientación laboral e técnicas de busca activa de emprego realizados. - Número de persoas participantes nos obradoiros, desagregado por sexo e situación laboral. - Porcentaxe de participantes que conseguiron emprego ou melloraron as súas condicións laborais tras os obradoiros. - Nivel de satisfacción dos asistentes, medido mediante enquisas post-obradoiro.



Obxectivo Específico 4.3.:

Desenvolver e ampliar recursos e servizos que faciliten a conciliación da vida persoal e laboral, asegurando o acceso igualitario a ambos os sexos.

ACTUACIÓN 4.5.

Continuar coa planificación das actividades en horarios que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, garantindo unha maior accesibilidade e participación da cidadanía.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Porcentaxe de actividades planificadas en horarios adaptados para facilitar a conciliación. - Número de persoas participantes nas actividades organizadas, desagregado por sexo e situación familiar. - Porcentaxe de asistentes que valoran positivamente os horarios das actividades, segundo enquisas. - Número de solicitudes ou suxestións atendidas relacionadas coa conciliación horaria.

ACTUACIÓN 4.6.

Establecer, no marco das actividades de formación desenvoltas pola área de emprego (e se así o demandan as persoas participantes), alternativas ou solucións de conciliación para fomentar a súa participación e formación, como por exemplo, un servizo de coidado de menores.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego e Desenvolvemento Local
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades de formación que inclúen alternativas ou solucións de conciliación. - Número de participantes que utilizaron os servizos de conciliación, desagregado por xénero. - Porcentaxe de incremento na participación en actividades formativas tras implementar medidas de conciliación. - Nivel de satisfacción dos participantes coas alternativas de conciliación ofrecidas, medido mediante enquisas.



ACTUACIÓN 4.7.

Continuar e reforzar o servizo de asistencia domiciliaria co obxectivo de seguir apoiando ás familias na conciliación da súa vida persoal, laboral e familiar, ao tempo que se melloraba a calidade de vida das persoas dependentes.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de familias beneficiadas polo servizo de asistencia domiciliaria, desagregado por tipo de necesidade. - Número total de horas de servizo de asistencia domiciliaria prestadas. - Porcentaxe de satisfacción das familias beneficiarias co servizo, medido mediante enquisas. - Porcentaxe de incremento na calidade de vida percibida polas persoas dependentes, segundo avaliacións.

ACTUACIÓN 4.8.

Organizar pequenos espazos de respiro dirixidos á mellora da calidade de vida das e dos coidadores de persoas dependentes. Estes espazos poderían desenvolverse nos diferentes locais sociais ou parroquias para facilitar a participación e a mobilidade.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de espazos de respiro organizados nas distintas parroquias ou locais sociais. - Número de coidadores/as participantes, desagregado por sexo. - Porcentaxe de participantes que perciben unha mellora na súa calidade de vida tras participar, segundo enquisas de satisfacción. - Número de actividades específicas realizadas dentro dos espazos de respiro.



ACTUACIÓN 4.9.

Realizar campañas de sensibilización dirixidas aos homes para fomentar o reparto igualitario no fogar e a deconstrución da masculinidade hexemónica.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2027 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de campañas de sensibilización dirixidas aos homes realizadas. - Porcentaxe de homes alcanzados polas campañas, medido a través de métricas de difusión ou participación. - Número de materiais divulgativos distribuídos relacionados co reparto igualitario no fogar e a deconstrución da masculinidade hexemónica. - Porcentaxe de valoración positiva das campañas por parte dos participantes, medido mediante enquisas de opinión.

ACTUACIÓN 4.10.

Actualizar e difundir a través de todos os medios dispoñibles (cartelería, web municipal, redes sociais, etc.) os recursos dos que dispón a poboación de A Cañiza en materia de conciliación e respiro familiar.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Persoal
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de recursos actualizados e difundidos en materia de conciliación e respiro familiar. - Número de canles empregadas para a difusión (cartelería, web municipal, redes sociais, etc.). - Porcentaxe de incremento no uso dos recursos tras a actualización e difusión. - Número de consultas ou interaccións cidadás recibidas relacionadas coa información difundida.



ACTUACIÓN 4.11.

Deseñar, elaborar e difundir materiais informativos enfocados na saúde e o benestar das mulleres, integrando a perspectiva de xénero tanto no contido como no deseño, para garantir unha comunicación inclusiva e adaptada ás necesidades específicas deste colectivo.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027
Indicadores de avaliación	- Número de materiais informativos elaborados e difundidos sobre saúde e benestar das mulleres. - Número de canles de distribución utilizadas para difundir os materiais (físicas e dixitais). - Porcentaxe de mulleres alcanzadas polos materiais, medido a través de métricas de difusión. - Nivel de satisfacción das usuarias cos contidos e deseño dos materiais, medido mediante enquisas ou comentarios.



7.5. Área 5: PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL.

A área cinco céntrase en fortalecer o papel activo das mulleres na vida social, política, cultural e económica do municipio, recoñecendo a súa contribución como esencial para unha sociedade máis xusta e equitativa. Esta área destaca a importancia de fomentar o empoderamento feminino e de garantir o acceso das mulleres a recursos e servizos que promovan o seu benestar integral.

OBXECTIVO XERAL – área 5

Incrementar a presenza e participación activa das mulleres na vida social, política, cultural e económica do municipio, promovendo o seu benestar e empoderamento.

Os obxectivos desta área inclúen o impulso do liderazgo feminino en órganos de decisión e participación, o traballo con entidades sociais para promover a igualdade de xénero e a creación de condicións que aseguren o benestar físico, emocional e social das mulleres en todas as etapas da súa vida. A través destas medidas, búscase avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria, onde as mulleres ocupen espazos de protagonismo e participen plenamente en todos os ámbitos.

Obxectivo Específico 5.1.:

Impulsar o liderazgo das mulleres nos órganos de decisión e participación, como o movemento asociativo e outros espazos maioritariamente ocupados por homes.



ACTUACIÓN 5.1.

Establecer persoal municipal concreto para informar, dinamizar, coordinar e impulsar o tecido asociativo, co fin de reforzalo e aumentar a participación da xuventude na vida pública de A Cañiza.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Entidades Sociais
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de accións de dinamización e coordinación realizadas polo persoal municipal asignado. - Porcentaxe de incremento no número de asociacións activas tras a intervención do persoal asignado. - Número de iniciativas ou proxectos desenvolvidos para fomentar a participación da xuventude na vida pública. - Nivel de satisfacción das asociacións e da xuventude co apoio recibido, medido mediante enquisas.

ACTUACIÓN 5.2.

Continuar coa realización de talleres para promover o empoderamento e a autonomía das mulleres.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Emprego Desenvolvemento Local
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de talleres realizados sobre empoderamento e autonomía feminina. - Número de mulleres participantes nos talleres, desagregado por idade e situación socioeconómica. - Porcentaxe de participantes que manifestan unha mellora na súa percepción de empoderamento tras os talleres, medido mediante enquisas. - Número de novas habilidades ou ferramentas prácticas adquiridas polas asistentes, segundo avaliacións post-taller.



ACTUACIÓN 5.3.

Facilitar espazos de encontro que fortalezan o movemento asociativo e promovan o voluntariado, mediante a organización de reunións co tecido asociativo. Estes encontros buscarán articular colaboracións en actividades relacionadas coa igualdade ou iniciativas educativas, identificar necesidades e propostas para dinamizar as asociacións, e impulsar a participación activa da mocidade.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Entidades Sociais
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de reunións organizadas co tecido asociativo. - Número de actividades conxuntas ou colaboracións establecidas a partir dos encontros. - Porcentaxe de asociacións participantes nos espazos de encontro, desagregado por temática ou sector. - Número de propostas recollidas para dinamizar as asociacións e fomentar o voluntariado, e porcentaxe delas implementadas.

ACTUACIÓN 5.4.

Proseguir coa conmemoración e visibilización do Día Internacional da Muller (8 de marzo), fortalecendo as actividades e iniciativas que promovan a reflexión, a sensibilización e o recoñecemento do papel das mulleres na sociedade, así como a loita pola igualdade de xénero.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Todos os departamentos
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades e iniciativas organizadas en torno ao Día Internacional da Muller. - Número de participantes nas actividades, desagregado por sexo e idade. - Porcentaxe de valoración positiva das actividades, medido mediante enquisas de satisfacción. - Número de materiais divulgativos creados e distribuídos para visibilizar o evento e os seus obxectivos.



Obxectivo Específico 5.2.:

Potenciar o traballo con entidades sociais, especialmente con asociacións de mulleres, para concienciar e promover a igualdade de xénero.

ACTUACIÓN 5.5.

Organizar charlas dirixidas ás principais asociacións sobre o uso das redes sociais e das novas tecnoloxías, destacando as vantaxes que ofrecen para: dar maior visibilidade á asociación e ás actividades que realizan; motivar a incorporación de novas persoas aos seus proxectos; e impulsar pequenos emprendementos económicos.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Entidades Sociais
Temporalidade	2025 – 2026 – 2027 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de charlas organizadas sobre o uso das redes sociais e novas tecnoloxías para asociacións. - Número de asociacións participantes nas charlas. - Porcentaxe de persoas asistentes que consideran útiles os coñecementos adquiridos, medido mediante enquisas de satisfacción. - Número de iniciativas ou proxectos impulsados polas asociacións tras as charlas.

ACTUACIÓN 5.6.

Planificar visitas das asociacións de mulleres ós centros educativos para que rapazas e rapaces coñezan a súa labor e a importancia que teñen dentro do municipio.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Entidades Sociais - Educación - Centros Educativos
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de visitas organizadas das asociacións de mulleres aos centros educativos. - Número de estudantes participantes nas visitas, desagregado por idade e sexo. - Número de asociacións de mulleres implicadas nas visitas. - Porcentaxe de valoración positiva das/os estudantes sobre a actividade, medido mediante enquisas post-visita.



Obxectivo Específico 5.3.:

Garantir o acceso das mulleres a recursos e servizos que contribúan ao seu benestar físico, emocional e social en todas as etapas da vida.

ACTUACIÓN 5.7.

Organizar obradoiros de saúde integral dirixidos a mulleres de todas as idades, abordando aspectos de saúde mental, física e emocional, co propósito de promover o benestar, o autocoidado e a adquisición de ferramentas prácticas para mellorar a calidade de vida.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de obradoiros de saúde integral organizados. - Número de mulleres participantes nos obradoiros, desagregado por idade. - Porcentaxe de participantes que manifestan unha mellora percibida no seu benestar e autocoidado, segundo avaliacións post-obradoiro. - Nivel de satisfacción das asistentes, medido mediante enquisas ao finalizar os obradoiros.

ACTUACIÓN 5.8.

Promover a participación social e o desfrute do tempo persoal e de coidado da poboación feminina, por exemplo, a través da organización dunha visita a balnearios.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Cultura
Temporalidade	2026 – 2028 – 2029
Indicadores de avaliación	- Número de actividades organizadas para promover o desfrute do tempo persoal e de coidado, como visitas a balnearios. - Número de mulleres participantes nas actividades, desagregado por idade. - Porcentaxe de participantes que manifestan unha mellora no seu benestar persoal, segundo enquisas post-actividade. - Nivel de satisfacción das participantes coa actividade organizada, medido mediante cuestionarios de valoración.



ACTUACIÓN 5.9.

Estudar a viabilidade de implementar un servizo de transporte interparroquial, como bonos de transporte ou vales de desconto, que conecte as zonas rurais co centro da vila. O obxectivo é garantir un acceso equitativo da poboación ás actividades organizadas, fomentando a inclusión e promovendo a participación activa de todos os residentes, independentemente da súa ubicación.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Entidades Sociais - Entidades Empresariais
Temporalidade	2026 – 2027
Indicadores de avaliación	- Número de estudos realizados sobre a viabilidade do servizo de transporte interparroquial. - Número de propostas ou alternativas identificadas para implementar o servizo (bonos, vales, rutas, etc.). - Porcentaxe de residentes en zonas rurais consultados ou implicados no proceso de avaliación. - Nivel de satisfacción da poboación coa proposta presentada, medido mediante enquisas ou reunións comunitarias.

ACTUACIÓN 5.10.

Continuar coa organización de charlas sobre a saúde en colaboración con distintas entidades.

Axente/s intervinente/s	- Servizos Sociais - Entidades Sociais
Temporalidade	2026 – 2027 – 2028
Indicadores de avaliación	- Número de charlas organizadas sobre saúde en colaboración con distintas entidades. - Número de persoas participantes nas charlas, desagregado por idade e sexo. - Número de entidades colaboradoras implicadas na organización das charlas. - Nivel de satisfacción das persoas asistentes coas charlas, medido mediante enquisas post-evento.



8. AVALIACIÓN

O sistema de seguimento e avaliación do III Plan preséntase como unha peza fundamental para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos, combinando enfoques cuantitativos e cualitativos que permiten analizar en profundidade o impacto das accións desenvolvidas. Este mecanismo non só busca verificar os resultados obtidos, senón tamén proporcionar unha base sólida para realizar axustes e melloras durante a execución do Plan.

No ámbito cuantitativo, medirase unha serie de indicadores clave, como o número de persoas beneficiarias, o grao de satisfacción e a eficacia das accións emprendidas. Tamén se avaliará a calidade e a utilidade das actuacións en función dos obxectivos xerais do Plan e dos específicos de cada intervención. Estes datos obxectivos ofrecerán unha visión clara do alcance e da efectividade das medidas postas en marcha.

Ao mesmo tempo, o sistema de avaliación profundará no ámbito cualitativo, recompilando información sobre as opinións, percepcións e experiencias das persoas directamente implicadas na execución e desenvolvemento do Plan. Este enfoque cualitativo enriquecerá a análise, permitindo contextualizar os resultados cuantitativos e comprender mellor as dinámicas que inflúen no éxito ou nas limitacións das accións implementadas. A combinación destas dúas perspectivas proporcionará unha visión máis ampla e equilibrada do impacto real.

Para facilitar o seguimento, deseñarase unha ficha específica que servirá como ferramenta de apoio para a avaliación. Esta ficha será utilizada polas persoas responsables da implementación das accións, ofrecendo



unha estrutura clara para rexistrar e organizar información relevante de maneira sistemática. A súa finalidade é garantir que os datos recompilados sexan comparables e útiles para a análise, facilitando así a identificación de melloras e a toma de decisións fundamentadas.

A ficha de avaliación converterase nun elemento esencial para guiar o progreso de cada actuación, integrando tanto métricas cuantitativas como cualitativas. Este enfoque estruturado non só permitirá avaliar o cumprimento dos obxectivos, senón que tamén axudará a identificar aspectos a reforzar, asegurando unha mellora continua durante o período de execución do Plan.

En resumo, o sistema de seguimento e avaliación do III Plan destaca pola súa capacidade para integrar distintos tipos de datos e enfoques, ofrecendo unha análise completa e precisa dos resultados obtidos. O uso dunha ficha de avaliación específica reforzará a eficacia deste sistema, permitindo captar tanto os resultados obxectivos como as percepcións subxectivas das persoas implicadas. Este enfoque dual asegurará a capacidade do Plan para adaptarse aos desafíos emerxentes e alcanzar os seus obxectivos de forma efectiva e sostible.



9. ANEXOS

Anexo 1. Ficha de avaliación das actuacións

FICHA DE AVALIACIÓN DAS ACTUACIÓNS III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE A CAÑIZA (2025-2029)

1. Nome e descrición da actividade realizada:

(Describir brevemente o nome e os detalles principais da actividade realizada, incluíndo os seus obxectivos e formato.)

2. Encadramento no III Plan de Igualdade:

(Explicar como esta actividade se relaciona cos obxectivos e prioridades do III Plan de Igualdade.)

3. Área estratéxica:

(Indicar a área estratéxica do Plan na que se enmarca a actividade.)

4. Obxectivo xeral:

(Definir o obxectivo xeral que esta actividade contribúe a cumprir.)

5. Obxectivo específico:

(Especificación ou indicación do número do obxectivo específico relacionado coa actividade.)

6. Actuación:

(Descrición ou número da actuación contemplada no Plan á que se vincula a actividade.)

7. Axente/s implicado/s na execución:

(Listar os axentes, entidades ou departamentos que participaron na execución da actividade.)



8. Persoa responsable da actividade:

(Indicar o nome e cargo da persoa responsable de coordinar e levar a cabo a actividade.)

9. Data de realización:

(Especificación da data ou o período no que se levou a cabo a actividade.)

10. Lugar:

(Indicar o lugar onde se desenvolveu a actividade.)

11. Duración (núm. horas):

(Especificación do número total de horas que durou a actividade.)

12. Indicadores de avaliación:

(Detallar os indicadores utilizados para medir o impacto e os resultados da actividade, por exemplo, número de participantes, nivel de satisfacción, obxectivos alcanzados, etc.)

13. Orzamento destinado:

(Indicar o importe total destinado á actividade, desagregando se é necesario.)

14. Valoración xeral da actividade:

(Facer unha análise breve sobre a eficacia, impacto e resultados xerais da actividade, sinalando aspectos positivos e retos atopados.)

15. Observacións ou incidencias:

(Describir calquera incidencia ou comentario adicional relacionado coa execución da actividade.)



Anexo 2. Marco normativo

Este Plan establece os seus obxectivos e accións dentro dun sólido marco normativo que promove a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. Susténtase en documentos clave elaborados por organismos internacionais, europeos, nacionais, autonómicos e locais, que proporcionan as bases legais e estratéxicas para as medidas propostas.

A continuación, preséntanse os principais textos normativos e referencias que orientan o desenvolvemento deste Plan.

A continuación, preséntanse os principais textos normativos e referencias que orientan o desenvolvemento deste Plan.

Normativa europea.

O marco normativo europeo sobre igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero inclúe o Tratado de Amsterdam (1997), programas comunitarios como os de acción para a igualdade de oportunidades (1982-2000), e instrumentos legais como a Directiva 2002/73/CE e a Directiva 2006/54/CE. Tamén destacan recomendacións sobre a protección contra a violencia de xénero (2002), iniciativas contra a trata de persoas (Resolución 2003/C 260/03) e a Carta Europea para a Igualdade na Vida Local.

Normativa estatal.

O marco normativo estatal para a igualdade e contra a violencia de xénero inclúe:

- Constitución Española de 1978: Recoñece a igualdade ante a lei e obriga os poderes públicos a eliminar obstáculos para garantir a igualdade real.



- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero: Establece un enfoque integral contra a violencia de xénero, promovendo a sensibilización, o apoio ás vítimas e a coordinación interinstitucional.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes: Obriga as administracións públicas a integrar o principio de igualdade nas políticas e normas.
- Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de Garantía Integral da Liberdade Sexual: Coñecida como a “Lei do Só Si é Si,” céntrase no consentimento e combate a violencia sexual.
- Pacto de Estado en Materia de Violencia de Xénero (2017): Promove accións coordinadas para erradicar a violencia de xénero.
- Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de Medidas para o Desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero: Devolve competencias ás entidades locais para mellorar a loita contra a violencia de xénero.
- Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de Medidas Urxentes para a Garantía da Igualdade de Trato e de Oportunidades entre Mulleres e Homes no Emprego e a Ocupación: Introduce permisos de paternidade iguais e plans de igualdade obrigatorios.
- Lei 15/2022, do 12 de xullo, Integral para a Igualdade de Trato e a Non Discriminación: Prohibe a discriminación por sexo, idade, discapacidade, orientación ou identidade de xénero.

Este marco xurídico promove unha sociedade máis igualitaria e inclusiva, reforzando a loita contra a desigualdade e a violencia de xénero.



Normativa autonómica.

A normativa e planificación en Galicia sobre igualdade de xénero e equidade inclúe leis e plans clave que abordan a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero. Entre elas, destacan:

- Lei 7/2004 e Lei 7/2023, que promoven a igualdade efectiva entre mulleres e homes, fortalecendo os marcos normativos.
- Lei 11/2007, enfocada na prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, que garante a igualdade no ámbito laboral.

Diversos plans estratéxicos, como o VI, VII e VIII Plan Galego para a Igualdade (2013-2027), que establecen obxectivos e medidas en áreas como educación, emprego e corresponsabilidade.

- Decreto legislativo 2/2015, que refunde e organiza as disposicións legais autonómicas en materia de igualdade.

Estes instrumentos constitúen un marco sólido para avanzar na igualdade de oportunidades en Galicia.

Normativa local

- Lei reguladora de bases do réxime local (1985).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- I Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de A Cañiza (2006-2008).
- I Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de A Cañiza (2019-2023)
- Informe de avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de A Cañiza (2019-2023)



3. Conceptos chave.

Androcentrismo

Perspectiva centrada exclusivamente no masculino como modelo universal de referencia, ignorando ou subordinando as experiencias e contribucións das mulleres nunha sociedade marcada pola supremacía do masculino.

Apoderamento

Proceso no que as mulleres recuperan a súa dignidade individual e fortalecen colectivamente a súa presenza nos espazos de decisión, exercendo plenamente o seu poder e participación política.

Ciberacoso

Forma de violencia exercida a través de medios dixitais e redes sociais, caracterizada pola invasión constante da privacidade da vítima mediante mensaxes ameazantes, intimidacións ou chantaxes.

Carga mental

Sobrecarga invisible derivada da xestión constante das tarefas familiares, laborais e persoais, que adoita recaer desproporcionadamente sobre as mulleres.

Coeducación

Modelo educativo que promove a igualdade efectiva entre alumnas e alumnos, garantindo un desenvolvemento sen discriminacións nin estereotipos de xénero.

Conciliación

Conxunto de medidas que permiten compatibilizar a vida laboral, persoal e familiar, promovendo a corresponsabilidade nos coidados e nas tarefas domésticas.

Cota

Mecanismo de acción afirmativa que reserva unha porcentaxe de recursos, postos ou espazos a grupos infrarrepresentados, co obxectivo de corrixir desigualdades estruturais.

Diversidade

Aceptación e respecto das diferenzas en etnia, cultura, sexo ou identidade de xénero, promovendo unha sociedade inclusiva e plural.



Equidade

Xustiza social que procura a igualdade de oportunidades mediante a distribución equilibrada de recursos, adaptándose ás necesidades de cada persoa para superar as desigualdades existentes.

Estereotipos de xénero

Construcións sociais que asocian características, roles e comportamentos específicos a homes e mulleres, perpetuando desigualdades de xénero.

Feminismo

Movemento social e ideolóxico que busca a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, combatendo a discriminación e opresión de xénero.

Igualdade entre os sexos

Situación na que homes e mulleres gozan das mesmas oportunidades, dereitos e liberdades para desenvolverse plenamente, sen restricións impostas polos roles tradicionais.

Interseccionalidade

Perspectiva analítica que explora como diferentes formas de opresión, como a de xénero, raza ou clase social, interactúan e se combinan, xerando desigualdades complexas.

Linguaxe inclusiva

Uso de expresións que visibilizan e respectan a diversidade de xénero, evitando formas discriminatorias ou o emprego xenérico do masculino.

Machismo

Conxunto de comportamentos e actitudes que xustifican ou perpetúan a superioridade do home sobre a muller, favorecendo a opresión e desigualdade.

Masculinidades

Concepcións culturais e sociais dos atributos e roles asociados aos homes, que poden ser transformadas para promover a igualdade e o respecto entre xéneros.

Micromachismos

Manifestacións cotiás de violencia sutil ou normalizada que perpetúan as desigualdades de xénero e sentan as bases das violencias máis visibles e graves.



Patriarcado

Sistema de organización social que mantén a dominación masculina sobre as mulleres, configurando relacións de poder desiguais en todos os ámbitos.

Perspectiva de xénero

Análise que considera as diferenzas derivadas dos roles de xénero, co obxectivo de identificar e corrixir desigualdades na participación, acceso e poder de decisión.

Políticas de igualdade

Estratexias deseñadas para eliminar as desigualdades de xénero, garantindo ás mulleres o pleno exercicio dos seus dereitos en todos os ámbitos.

Proceso de socialización diferencial

Conxunto de aprendizaxes a través dos cales se asignan roles e comportamentos diferenciados a homes e mulleres, reforzando as desigualdades de xénero desde idades temperás.

Transversalidade de xénero

Integración do enfoque de xénero en todas as políticas públicas, asegurando que a igualdade de xénero estea presente no deseño, implementación e avaliación de cada medida.

Sexismo

Conxunto de prácticas e actitudes discriminatorias baseadas no xénero, que fomentan a subordinación e inferioridade de mulleres respecto dos homes.

Sexting

Difusión de contidos de carácter sexual a través de dispositivos electrónicos, frecuentemente cun obxectivo de humillación, chantaxe ou control da persoa afectada.

Violencia de xénero

Calquera forma de violencia exercida contra as mulleres, sustentada en relacións de desigualdade e poder, que causa danos físicos, psicolóxicos ou sexuais, limitando a súa liberdade.